

**Espazo Lectura
premio na Iª Gala do
Libro Galego**

Páxina 5

**Rogelio Groba xa ten
rúa en Ponteareas**

Páxina 9

**Programa do Cumio
Internacional de
Expertos en Medio
Ambiente e Saúde
en Ponteareas**

Páxinas 14-15

**1ª Festa do Pan do
Porriño o 4 de xuño**

Páxina 32

**Concellos do Miño
crearán un novo
organismo
transfronteirizo**

Páxina 36

Luar na Lubre e Panorama no Corpus de Ponteareas

En páxina interiores ofrecemos o programa completo con horarios das festas do Corpus Chisti que se celebrarán en Ponteareas do 21 ao 30 de maio. Destacan, ademais da elaboración de alfombras florais na noite do sábado 29 e as procesións do 30, as actuacións musicais da Orquestra da Cámara Galega, de Luar na Lubre e a orquestra Panorama así como a exposición sobre a historia do Corpus no Mercado Municipal.

Páxina 13



Jesús González e Sergio Pérez, bronze no Campionato de Europa de Remo

O do 7 e 8 de maio foi un fin de semana grande para o remo tudense. O remeiro Jesús González e o malagueño afincado en Tui Sergio Pérez acadaron o bronze no campionato de Europa de Remo, Óscar Carrera clasifícase para os Xogos Olímpicos e Rubén Millán e Gabriel Pavón para o preolímpico. Noraboa.

Páxina 21

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

A vitoria do nacionalismo escocés

Para entendérmolos ben os resultados electorais do pasado xoves na Escocia, compre entender o seu sistema electoral. O Parlamento escocés conta con 129 escaños ("seats"), dos que 73 ("constituency seats") elíxense a medio dun sistema maioritario (gaña o escano o que gaña por maioría simple) e 56 elíxense a medio dun sistema proporcional. a razón de 7 por cada unha das 8 rexións electorais nas que se divide o país.

É un sistema pensado para que non haxa maiorías absolutas. E malia isto, no

2011 os nacionalistas do SNP acadaron ésta (69/129 deputados). Agora ficaron dous escaños por baixo dela (63/129), malia que aumentaron os seus votos na elección maioritaria dos 73 distritos uninominais (46,5% agora fronte ao 45,4% no 2011). En calquera caso, os verdes, que tamén votaron a prol da independencia no plebiscito de setembro de 2014, acadaron 6 escaños, con máis do 6% do voto ás listaxes rexionais. Xa que logo, sentarán na sede de Holyrood 69 deputados a prol da independencia fronte aos 60 unionistas.

Un grande éxito para a first minister Nicola Sturgeon, quen repetirá mandato gobernamental, que será xa o terceiro para o SNP.

No unionismo produciuse unha reasignación de voto a prol dos conservadores de Ruth Davidson, que obtiveron 31 escaños (tiñan 15), fronte á grave derrota laborista (gañan 24, perdendo 13 escaños). Os conservadores gañaron todos os distritos uninominais dos borders lindanets con Inglaterra e o centro de Edinburgh e os laboristas perderon votos fronte aos nacionalistas, os verdes e os propios tories. Pola súa banda, os lib dem mantiveron os seus votos e escaños, malia que perderan a cuarta praza fronte aos verdes.

Os tories perderan votos a moreas na Escocia das resultas da política desindus-

trializadora desenvolvida por Margaret Thatcher nos 80 do século XX, que xerou moita dor e pobreza interxeracional en moitas comarcas escocesas. A súa recuperación actual, da man de Ruth Davidson (37) ten máis a ver coa clave nacional ou territorial. Os novos votantes dos tories son antigos labour ou lib dem que buscan un referente unionista. Sinal inequívoco da forza do independentismo na Escocia.

A cidadanía escocesa, xa que logo, vaise aliando en clave nacional, alicerzándose o independentismo no centro-esquerda e o unionismo na dereita.



Xogaron con lume

O resultado electoral das estatais do 20-D deu unha combinación clara, atendendo ao aparente programa socialdemócrata do PSOE e á fasquía do seu electorado: tentar un Goberno de progreso con Podemos, IU-Unidad Popular, En Comú-Podem, Compromis-Podem e En Marea. Xuntar ao PNV (clave da maioría simple na segunda votación) e máis obter a ausencia de Esquerda e da Convergencia refundada era só unha cuestión de negociación honesta e intensa.

Pedro Sánchez, quen inventou a moi inxeniosa xogada de atar en curto o seu Comité Federal-gobernado pola presidenta andaluza Susana Díaz e polo ex presidente Felipe González e demais portas xiratorias-, apelando ao plebiscito da súa afiliación, non foi quen de ver máis aló e quixo tranquilizar ao Ibex 35 pactando coa dereita aseada de Albert Rivera. O papeliño que PSOE e C's asinaron era máis ca un canto ao sol. Era a barreira infranqueábel para que as outras forzas progresistas puidesen axudarlle no parto

do Goberno de progreso.

Pablo Sánchez non podía, de ningún xeito, mercar ese produto. Mais nel estiveron de máis neste proceso acenos propios dunha inxustificada fachenda. Era evidente que tiña que ser Vicepresidente se saía ese goberno, non o era que amosase unha actitude autosuficiente que agora está a fanar a súa imaxe. Nin tam pouco que considerase pouco menos ca subordinados aos que só son e non por vida- socios na estratexia de rexeneración democrática e de visibilización dunha axenda social.

Das resultas deste despropósito-madriño sainete-Rajoy enfrota unhas máis ca probábeis eleccións no verán coa seguranza dun sólido chan electoral que lle

pode dar, canda C's unha maioría non absoluta, mais si abunda. Porque Sánchez semella vai perder a súa oportunidade e o felipismo susanista imporá un goberno de Santa Alianza.

Pensando na Galicia, compre recuperarmos o plan B e mirar polo noso. Catalunya, Euskadi, Nafarroa, o País Valencià ou as Illes seguirán a se gobernar á marxe do diktat das eleccións estatais e cumprir cadanseu proxecto. A alternativa a Feijóo ha de se presentar sólida, plural e digna de confianza. E ollar menos cara ao home do chicho morado e máis cara ás experiencias municipalistas de cambio. Máis, tamén, cara á solvencia do galeguismo canto á gobernanza pragmática e proxecto de País.

HUMOR

por TOKIO



EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



....en ti tes que atopala!!

Andamos de eleccións, andamos a festexar a lingua, as letras, aos poetas como Manuel María.

Dende o 1963, se a memoria non me traizoa, vimos repetindo cada ano as mesmas cousas, só que con distintos personaxes. Os xornais ofrécennos as súas portadas en galego, cando o resto do ano apenas escriben catro liñas no noso idioma; editanse libros e celébranse actos en milleiros de sitios e lugares: os nenos nos colexios, as asociación culturais,... ata o goberno reparte unhas migallas en publicidade para os medios que, curiosamente, escriben en galego o ano enteiro. Aos outros, aos que fan unha festa unha vez ao ano, para que non lles faga dano, a eses xa os untan ano tras ano, e o ano enteiro. Ten a súa explicación. Hai que dispor dos aparatos propagandísticos ben engraxados porque aí ven, non o maio, senón o outubro. Si outubro; o mes das castañas. Non vaia a ser que se dean un castañazo deses de agarra e tente teso. Hai que ir quentando motores e preparar ao persoal para que non se equivoque de urna. Sobre todo nesta ocasión que parece se aliscan vagas escuras no horizonte.

Todo está saíndo perfecto. As nosas autoridades falan e falan da importancia do idioma. Que hai que conservalo, difundilo, que sei eu!! Que non se diga que Galicia non se lembra dos seus homes e mulleres senlleiros/as. Logo pasa o día e pasa a romaría. Galicia segue no mesmo sitio. Os gandeiros seguen tirando o leite en sinal de protesta porque os explotan co consentimento das autoridades españolas, galegas e comunitarias. Europa dínos que non pode intervir no prezo do leite porque iso sería ir contra a liberdade de empresa. Teñen razón. Se eles están lexislando para que as grandes empresas obteñan os maiores beneficios posibles, aínda que os gandeiro as pase putas, como van agora desandar o andado e poñer un prezo de mercado ao leite? Sería como



tirar pedras ao seu propio tellado. Porque, non nos esquezamos, o tellado das autoridades europeas é o tellado dos grandes lobbys que arrodean ao Parlamento e a Comisión. Eles son os que marcan territorio, os que indican por onde debe ir a lexislación comunitaria.

Os nosos montes ínzanse de toxos e silvas, que logo arden marabillosamente e rematan enchendo os petos de empresas que viven a rebufo diso, precisamente, de que os montes estean abandonados para poidan arden ben e moitas veces; eles van cobrar por apagar os lumes; non me pregunten que empresas son, nin a quen pertencen.

Vdes. xa o saben.

Os nosos mozos e mozas saen na prensa a diario, dende calquera país europeo, ou mundial, dando conta dos seus logros profesionais aló onde tiveron que emigrar porque aquí non temos diñeiro para aproveitar o seu talento profesional. Talento cimentado nas nosas universidades aínda contando co racaneo da Xunta á hora de aportar recursos aos centros universitarios.

E así podíamos seguir falando dos distintos sectores produtivos ou improductivos desta nosa Terra. Sectores que non son quen de competir en igualdade de condicións cos sectores doutros países, sobre todo da U.E. E

para poñerlle a guinda ao pastel, temos no horizonte o famoso TIPP. Unhas siglas que xa se van facendo familiares, aínda que dende as altas instancias comunitarias se preocupen para que non saibamos nada ata que estean asinados os acordos. Logo dirannos, sen poñerse vermellos, iso é imposible porque vai contra os acordos que vimos de asinar a nivel planetario.

E aí está o noso futuro. Non sabemos o que nos depara nin nos informan do que están cocendo. Ten mala pinta, dirán vostedes, e teñen razón. Non ten mala pinta, ten unha pinta terrorífica para as pequenas e medianas empresas, para os nosos sectores aínda non debidamente desenvolvidos, para os sectores empresariais que non sexan multinacionais. Todo iso estase xogando nesa mesa de trileiros á que non permiten aceso nin para darlle lume aos misteriosos xogadores. Por algo será.

Aquí en Galicia, celebramos as Letras Galegas na honra de Manuel María. Debería ser un ilustre avogado, pero el preferiu ser un "bo e xeneroso galego". E así viviu e morreu, anda que siga a vivir nas nosas lembranzas, nas nosas vidas.

El foi quen escribiu uns marabillosos versos que non nos resistimos a ofrecerlles. Así rematan:

"Galicia é o que vemos, a terra, o mar, o vento, a fala...

Se buscas a Galicia en ti tes que atopala".

Esperemos que o ano que ven non teñamos que lembrarnos dos versos dunha canción dedicada ao Celta. Ao Celtiña que este ano cumpriu coma un campión. Aqueles versos .. E sempre me dices para o ano que ven; e ven outro ano e pasa tamén.

Non deixemos que pasen os anos sen que sexamos quen de facernos cos bridas deste cabalo noso, chamado Galicia, e sexamos quen de lévalo polo camiño do desenvolvemento dos nosos sectores produtivos, das nosas universidades, da nosa cultura.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursos espanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

VIGO

VIGO



Caballero e Lores piden que se retome a autovía libre de peaxe entre Vigo e Pontevedra

Abel Caballero e Miguel Anxo Fernández Lores comparecieron conxuntamente en rolda de prensa logo de manter un encontro no que tamén estiveron presentes Carmela Silva, David Regades, César Mosquera e Anabel Gulías. Ambos rexedores coincidiron na necesidade de normalizar a relación institucional de dúas cidades que teñen un espazo común económico e social "moi significativo", en verbas do rexedor vigués.

Tal e como explicaron aos medios, Caballero e Lores coincidiron na necesidade de mellorar as conexións entre Vigo e Pontevedra, buscando vías para abaratar o tramo na AP-9- e retomando o proxecto de construír unha autovía libre de peaxe. Respecto do transporte por ferrocarril, abogaron por contar cunha liña de proximidade para

poder optar as subvencións que concede o Estado a este tipo de conexións. Na súa intervención, Caballero apuntou o demanda irrenunciable da cidade de Vigo a contar con tren de alta velocidade.

Ademas das infraestruturas, os alcaldes apuntaron outros espazos de colaboración como son a cultura, a rede museística, o intercambio de grupos musicais ou o deporte de base, con grande presenza en ambas cidades. Caballero rematou a súa intervención reiterando que hai que enmarcar esta visita institucional dentro da "normalidade de trato de dúas cidades unha relación social e económica cada vez máis forte".

A visita do alcalde de Pontevedra prodúcese unhas semanas máis tarde de que Abel Caballero mantivera un encontro con Fernández Lores no Concello de Pontevedra.

Vigo e a chinesa Qingdao inician o seu irmandamento unidos pola pesca e a automoción

Vigo e Qingdao comezarán os trámites para irmandarse, despois dunha visita este venres do alcalde da urbe chinesa ao seu homólogo vigués no Concello. Abel Caballero explicou que ambos territorios comparten un importante peso pesqueiro, tráfico de cruceiros e tamén industria da automoción, polo que a relación pode conlevar "beneficios mutuos".

O alcalde de Vigo argumentou que, ademais das "similitudes" existentes e á marxe do tamaño das cidades, a delegación chinesa demostrou un "gran interese" na tecnoloxía de pesca e na investigación marítimo-pesqueira desta cidade. Caballero estimou que o irmandamento podería certificarse en setembro ou outubro deste mesmo ano.



Verán para persoas con discapacidade

A concellería de Política Social ven de aprobar o programa "lecer no verán para persoas con discapacidade". O proxecto consiste nun servizo de lecer e respiro

familiar de carácter non permanente, dirixido a persoas con discapacidade empadroadas no Concello de Vigo, que se realizará nos meses de xullo e agosto. Poderán participar as persoas a partir dos seis anos de idade.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o 20 de maio ata o 2 de xuño no rexistro xeral do Concello.

O MORRAZO

Abertas as inscricións para a 11 Feira de Oportunidades do Morrazo

Tras cumprir o ano pasado o seu décimo aniversario, con 10 edicións de éxito, a Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo da paso á organización dunha nova edición da Feira de Oportunidades, un evento comercial cos descontos máis sorprendentes do ano.

Celebrarase coma sempre no primeiro fin de semana de xullo, que este ano 2016 coincide cos días 1, 2 e 3 – venres, sábado e domingo, respectivamente.

As inscricións foron abertas esta semana para todos os co-

mercios de Bueu, Cangas e Moaña que desexen baleirar o seu stock (restos de tempada e excedentes de almacén). Disponse dunha carpa acondicionada para un máximo de 40 stands na ubicación xa tradicional entre os Xardíns do Sinal e as naves de Ojea.

O prazo de inscrición está aberto ata o 20 de maio e aquelas empresas que desexen participar deben poñerse en contacto con FECIMO para coñecer todas as condicións e cubrir o seu boletín de preinscrición. A inscri-

ción farase por rigurosa orde de entrada.

Agárdase unha gran participación neste evento con descontos exclusivos a partir dun 40% en adiante sobre o prezo marcado, e que sirve tamén de gran escaparate para empresas que queren darse a coñecer.

FECIMO conta coa colaboración da Xunta de Galicia e do Concello de Cangas para continuar celebrando esta feira, xuntando esforzos para crear un evento de calidade e apoiando o comercio das nosas vilas.



Espazo Lectura, recoñecida como mellor iniciativa cultural ou de fomento da lectura na Iª Gala do Libro Galego

Ao longo do serán do sábado 14 de maio celebrouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela a primeira Gala do Libro Galego. Con esta convocatoria preténdese recoñecer a excelencia do traballo literario realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2015 en Galicia. Estas distincións, sen dotación económica, foron determinadas por un xurado externo sobre unha listaxe de obras finalistas conformada polas bases asociativas da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), da Asociación Galega de Editoras e da Federación de Librerías de Galicia, entidades convocantes da

Gala do Libro Galego.

Nesta Gala a asociación miñorana Espazo Lectura foi recoñecida como mellor iniciativa cultural ou de fomento da lectura. O xurado valorou "o fomento da lectura a pé de rúa, no día a día e para todas as idades, e cunha progresión na intensidade de traballo notábel en diversos ámbitos do proxecto". Dende Espazo Lectura queren agradecer a todos os socios e socias, socios protectores e ao voluntariado pola lectura todo o apoio e horas de traballo dedicadas, co único interese de construír a crear sociedade lectora e, polo tanto, mellor sociedade.



Augas de Galicia comprométese coa Plataforma da Foz a mellorar o seguimento dos vertidos

O director de Augas de Galicia, Roberto Rodríguez, lembrou que a Xunta de Galicia ten realizado todos os esforzos posibles dentro das súas competencias para mellorar o sistema de saneamento de Gondomar.

Así llo trasladou o pasado 12 de maio aos representantes da Plataforma de protección da Foz do Miñor, con quen se reuniu por primeira vez. Entre outros asuntos, a entidade trasladoulle a súa preo-

cupación polos problemas de depuración neste concello.

Neste sentido, Rodríguez recordou que a Xunta decidiu investir uns 3 millóns de euros para mellorar a rede de colectores da localidade, unha obra que agora mesmo se atopa paralizada polo concello de Gondomar. Ao respecto, o director de Augas de Galicia volveu manifestar a preocupación do Goberno galego ante esta situación e os efectos que ten na calidade

das augas.

Os presentes no encontro abordaron tamén outros temas de interese, como a situación da calidade da auga na ría de Baiona e o seu impacto no sector marisqueiro local. Precisamente, e en referencia a esta cuestión, Rodríguez comprometeuse a mellorar o seguimento dos vertidos que afectan directamente á ría, co obxectivo de continuar avanzando na súa identificación e control.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandetras, 3 Bajo
36850 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



REDONDELA/ÁREA METROPOLITANA

REDONDELA



Veciños esixen a apertura do Centro de Día de Cesantes

Xoán Carlos González, concelleiro do BNG considera como “actuación vergoñenta do PP, o retraso na apertura, co silencio cómplice de Javier Bas”.

Varias dúcias de veciños e veciñanzas, concentráronse ás portas do Centro de Día de Cesantes, para exixir a súa inmediata apertura. En convocatoria feita pola organización nacionalista, consideran que “se está a actuar premeditadamente, cun equipamento social de primeira necesidade”.

A construción do Centro, iniciouse no 2009, para rematar as obras tres anos despois, cun orzamento de un millón seiscientos mil euros. “Dende aquela, todo foron disculpas, retrasos, mesmo cam-

bios na finalidade do mesmo, e redución de prazas. Malia que varias veces estiveron altos cargos da Xunta ou o mesmo Feijóo, en Redondela, non foi unha exixencia do alcalde de Redondela. No canto de plantarse e demandar a apertura, calou cómplicemente”.

Recorda o concelleiro que xa hai máis dun ano que equipouse o Centro por valor de 400.000 euros. Tamén ceduse a xestión a unha empresa. “Unha das primeiras accións de Javier Bas despois de ser relexido foi manter un encontro coa empresa concesinaria, única-mente para facer propaganda”, afirma o concelleiro do BNG.

Para os concentrados arredor do Centro de Día, “acabáronse as contemplacións. Este Centro debe

dar servizo a persoas maiores de Redondela e a súa bisbarra, ademais de crear outros tantos postos de traballo. Non imos parar ata que se poña en marcha”.

Xoán Carlos González comunicoulles aos presentes, que “xa só a convocatoria desta concentración forzou a que o alcalde asinara a licenza de primeira ocupación e actividade. Imos seguir traballando para que se asinen todos os permisos que sexan necesarios”, afirmou.

O comentario xeralizado dos concentrados focalizábase en que “unha infraestrutura pública deste tipo non pode estar pechada catro anos, cando hai moitos potenciais usuarios que están a copar os centros privados”.

Record de usuarios nas bibliotecas municipais con máis de 40.000 visitantes

O concello de Redondela conta coa sexta biblioteca de titularidade municipal que máis préstamos realizou no ano 2015 de entre as 159 de toda Galicia que están inscritas no Proxecto Meiga. En total foron 11.683 préstamos os realizados ao longo do ano pasado na Biblioteca Municipal de Redondela aos que habería que engadir os 5.290 préstamos que no mesmo período se contabilizaron na Axencia de Lectura de Chapela. Unhas cifras, feitas públicas pola Consellería de Cultura, que converten ás bibliotecas municipais no servizo que máis público congrega en Redondela.

Consultar información, levar en préstamo un libro ou un DVD, acceder a internet, asistir a contacontos, obradoiros ou estudar son algúns dos motivos que levaron aos veciños a realizar un total de 41.600 visitas á Biblioteca Mu-

nicipal de Redondela durante o pasado ano. Un servizo que conta con 6.247 socios inscritos aos que hai que engadir outros moitos usuarios que non contan con carné. Datos tamén salientables os contabilizados na Axencia de Lectura Municipal de Chapela, que con 511 prestatarios activos e 2.000 socios sitúase no segundo lugar de entre as 46 Axencias de Lectura contabilizadas.

Unhas bibliotecas que durante o ano pasado organizaron numerosas actividades de animación a lectura, un total de 75 actos en Redondela con máis de 1040 asistentes e 26 actividades en Chapela.

Asemade, as bibliotecas promoven tamén este servizo a través das novas tecnoloxías con 245.106 visitas ao blog e un total de 3688 usuarios de internet na Biblioteca Municipal de Redondela.



PAZOS DE BORBÉN

Pazos de Borbén e a Fundación Filomena Rivero asinan un convenio de colaboración

O Concello de Pazos de Borbén e a Fundación Filomena Rivero Alonso acaban de asinar un novo convenio de colaboración para desenvolver de forma conxunta actividades de carácter formativo, educativo, cultural e social dirixidas a todos os públicos. A firma do acordo produciuse na Casa do Concello de Pazos de Borbén, onde o alcalde, Andrés Igrexas, recibiu á Presidenta da fundación, Gracia María Regojo Bacardí.

Para este convenio, o Concello de Pazos de Borbén cederá gratuitamente as súas instalacións á Fundación e asumirá os custos da contratación de persoal, ata un máximo de 600 euros, para a realización das actividades programadas conxuntamente.

O acordo ten carácter anual, aínda

que os responsables das dúas institucións declararon a súa intención de manter esta colaboración durante os próximos anos e seguir traballando para contribuír e satisfacer as necesidades culturais dos veciños.

Ao termo do acto da firma, o alcalde acompañou á presidenta para ver as instalacións da Biblioteca Municipal, na antiga casa consistorial de Pazos, onde se desenvolverán gran parte das actividades. Alí puido comprobar as actividades que realiza diariamente a biblioteca como as iniciativas de animación á lectura, cursos de formación cidadá, ciclos formativos, etc, co obxectivo de fidelizar aos lectores do municipio e ampliar o número de usuarios da biblioteca.



PONTEAREAS

Os Caminhantes do Condado reparten máis de 60 premios na I Subida á Picaraña

Máis de 80 participantes dos 14 a máis de 60 anos de ambos xéneros, participaron na primeira carreira na especialidade de trail.

A Súbida á Picaraña na súa primeira edición tivo lugar o pasado 1 de maio e decorreu durante catro quilómetros cunha pendente de 350 metros. Os participantes puideron amais de practicar o seu deporte favorito, gozar da natureza por camiños de montaña por un prezo popular de 5€.

Todos os participantes leváron unha bolsa con agasallos relacionados coa disciplina. Amais, os tres

primeiros na clasificación xeral obtiveron 100 € de premio e unha bolsa especial.

O Club de Montaña Caminhanter do Condado, organizadora do evento, establece como recoñecemento ao esforzo dos campións da experiencia os tempos acadados o pasado 1 de maio como a marca á superar para lograros premios en metálico na vindeira edición. Deste modo, os próximos corredores terán

que superar o récord do gañador da categoría senior Óscar Bernárdez da equipa Athletics Fisioterapia San Lázaro con 18"40' ou da gañadora na categoría veterana A Águeda Blanco con 24"01', entre outros.

A I Subida a Picaraña tivo unha especial atención nos máis novos e novas coa idea de fomentar e fornecer a vida saudábel e o deporte, coas categorías cadete, xuvenil e junior e promesa.



Volve a abrir as súas portas a aula de informática CeMIT



Aula do Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT), sito na rúa Oriente nº12, reinicia as súas actividades con novas e variadas ofertas de cursos de informática, organizada por temáticas e idades, co especial obxectivo de salvar a fenda tecnolóxica en maiores e persoas

con discapacidade.

Os cursos programados comezarán o luns 16 en horario de mañá de 10:30 h. a 12:30 h., e de 16.00 a 18.00, en horario de tarde. Fechará a súa inscrición o próximo venres 16 de maio para o primeiro curso de Iniciación á informática. Tamén habérase curso de Internet para maiores, Correo

electrónico: Webmail, Redes sociais e Aprende a usar o smartphome.

Este servizo ofrécese grazas á concesión dunha subvención por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Asinado o acordo para a mellora das instalacións educativas

O Concello de Ponteareas, mediante firma do seu Alcalde Xosé Represas, e a Consellería de Educación, coa sinatura do conselleiro Román Rodríguez, procederon a realizar o protocolo de colaboración para levar a remate unha serie de obras que terán como obxecto a mellora, reparación e restauración de diferentes instalacións educativas da vila do Tea.

O importe das obras de mellora a acometer e pequenas obras de mantemento nos colexios son aportados pola Consellería con 57.000€. Amais, o Concello aportará 26.000 euros como novo investimento e sufragará a obra de cuberta da pista polideportiva do CEIP Fermín Bouza Brey cun investimento de 199.000€. Estas actuacións iniciaranse unha vez remate o presente curso escolar, durante o período estival.

Estiveron presentes na sina-

tura a concelleira de Ensino de Ponteareas, Cristina Fernández, o responsable da Delegación Territorial da Consellería de Educación, César Pérez Ares e mais o delegado territorial da Xunta de Galicia, José Manuel Cores Tourís.

O convenio servirá para reformar a cuberta do CEIP Santiago de Oliveira, ademais de para outro tipo de melloras no CEIP Nosa Señora dos Remedios, no CEIP Feliciano Barrera e no CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, nas que participará o Concello de Ponteareas aportando partidas económicas municipais e man de obra.

A parte do convenio asinado, a Consellería de Educación comprometeuse a investir 200.000 euros na restauración da nave de automoción do IES Pedra de Auga debido os danos causados polo incendio ocorrido no pasado mes de novembro de 2015.

BODEGUILLA
TAPERIA
BERCEO
 Rosalía de Castro, 6
 PONTEAREAS

PULPERIA

 Teléf. 986 660 826

Jurídica | Fiscal | Laboral-Social
 Mercantil | Contable



ASER GALICIA

ASESORÍA DE EMPRESAS

 C/ Rodasela 11, Bx. 36800 Ponteareas (Pontevedra)
 Tel. 986 664 073 - Fax 986 662 571 - aser@asergalicia.com

C/ Carlos Enríquez 8, Bx. 36800 Santiago de Miño (Pontevedra)
 Tel. 986 664 292 - Fax 986 664 286 - aser@asergalicia.com

*“O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte que agroma
a máis forte irmandade”*
(do poema “A fala” de Manuel María)



Manuel María Fernández Teixeiro

17 de maio 2016

Día das letras galegas

domingo_15



TÍTERES: “A casa do avó”, a cargo de Tanxarina Títeres.
Auditorio Municipal. 19:00 horas.

luns_16



CORRELINGUA: Circuito polas rúas de Ponteareas. Confección de alfombra na Praza Maior. Concerto a cargo de Zénzar. Presenta Talía Teatro.
Circuito urbano. Saída da Feira Vella. 10:00 horas.

martes_17



FESTIVAL INFANTIL a cargo da compañía Barafunda: “Xan das Ondas” (contocontos) e “A Maxia de Xabi”.
Praza Maior. A partir das 18:00 horas.

luns_16



PRESENTACIÓN DO LIBRO “Manuel María. Labrego con algo de poeta”, de Mercedes Queixas. Coa presenza da poetisa Marta Dacosta.
Biblioteca Municipal. 18:00 horas.

xoves_19



DEBUXA A MANUEL MARÍA.
Entrega de premios do concurso de debuxo.
Biblioteca Municipal. 18:30 horas.

PROGRAMA “Ler conta moito”

xoves_12

“Gran xogo das Letras Galegas” co Grupo Eduvia
Axencia de Lectura de Guillade. 11:30 horas.



luns_16

“Maxia e música con Manuel María”, a cargo de Álvaro Muras.
Biblioteca Municipal (Parque da Penillana).
20:00 horas.



mércores_18

“Mans”, con Pablísimo
Axencia de Lectura de Ribadetea. 16:30 horas.



martes_24

“Contacontos” con Raquel Galavís.
Axencia de Lectura de Áreas. 18:00 horas.



**CONCELLO DE
PONTEAREAS**

PONTEAREAS

Rogelio Groba xa ten rúa en Ponteareas

O 30 de abril celebrouse o acto oficial de descuberta da placa da rúa Rogelio Groba Groba, en homenaxe ao afamado compositor ponteareán, que tivo lugar ao pé da Casa do Concello.

Deste xeito, a rúa Darío Bugallal pasa a chamarse rúa Rogelio Groba Groba. O acto contou coa presenza do propio compositor (Fillo Predilecto de Ponteareas), do alcalde ponteareán, Xosé Represas, da concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, e de varios membros da corporación local.

A Banda de Música Unión de Guláns tocou a música do Mestre e o propio Groba foi o que dirixiu a interpretación da última peza.

Rogelio Groba vén de entregar ao Concello A Marcha das Flores, unha obra especialmente dedicada ao Corpus de Ponteareas e que o propio músico definiu "como un acto de agradecemento á corporación ponteareá que decidiu homenaxearme dándolle o meu nome a unha rúa na miña vila natal, o cal supón un enorme honor para min".



O fotógrafo Ricardo Grobas presenta o seu libro "Galicia, todo un mundo"



Roberto Mera (A Casa da Triga), Ricardo Grobas (autor), Xosé Represas (alcalde de Ponteareas) e Edurne Baines (editora)


O fotógrafo Ricardo Grobas presentou na Casa da Triga de Ponteareas, o seu novo libro, "Galicia, todo un mundo", no que retrata os máis singulares enclaves da nosa xeografía. Paisaxes imponentes e monumentos arqueolóxicos e arquitectónicos sucédense ao longo de 240 páxinas de fotografías a toda cor, feitas dende o ar, o mar e dende terra.

Publicado pola editorial Belagua, cos textos en castelán, galego e inglés, o libro constitúe unha apetecible invitación a descubrir Galicia, a través de dous percorridos diferentes, un pola Galicia aberta ao mar, e outro polas terras do interior.

As fotografías da costa destacan pola forza que caracteriza outros traballos de Ricardo Grobas –o úl-

timo dedicado ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia–, e que persegue coa súa natural obstinación e paixón polo mar, como son as que dedica ao mar embravecido e aos faros.

Grobas, que leva máis de vinte-cinco anos dedicado á fotografía, recrea no interior de Galicia "a asombrosa diversidade de paisaxes" –dixo o autor na presentación– dunha terra á que se sente "orgulloso de pertencer" e á que rende tributo con este libro.



Homenaje a D. Francisco Peña
- hijo predilecto de Ponteareas -

Bolnuevo de Mondariz

Cena - encuentro de confraternidad de los pueblos del mundo
27 de mayo de 2016

Aperitivos individuales

- Zamburriñas
- Croquetas caseras
- Empanada de carne

Gambón a la plancha y aceite de ajo y perejil

Merluza con almejas a la marinera

Fillos rellenos de crema con helado de vainilla

Vino tinto y vino blanco
Aguas minerales de Mondariz y refrescos
Café e infusiones

30€
por persona

Información y reservas: 986 656 156

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ao Partido Popular sorpréndelle a programación do Corpus Christi

O portavoz do PP de Ponteareas, Salvador González Solla, criticou ao Alcalde e os seus concelleiros pola demagogia do goberno que se evidencia no programa das festas do Corpus Christi deste ano.

Segundo Solla, cando os concelleiros do actual goberno estaban na oposición dicían que gastabamos os cartos en grandes orquestras e actuacións estelares e pouco nos alfombristas, e agora que reciben a maior subvención para a festa manteñen a mesma cantidade para os alfombristas.

No PP non entenden o cambio de criterio dos que o ano pasado defendían que non se podía traer a Panorama porque había que destinar eses cartos para axudas de emerxencia social e para os



máis desfavorecidos e preguntábase se acaso xa non hai emerxencia social.

De todos os xeitos os populares dicen estar moi ledos de que o goberno mude de actitude e agardan que con estas actuacións

e co traballo dos alfombristas o Corpus represente unha oportunidade para o comercio e a hostelería de Ponteareas "que está a sufrir a crise económica e tamén de ideas e de colaboración do goberno local".

O Concello de Ponteareas subscribirá o convenio de vivendas baleiras da FEGAMP e o Instituto Galego da Vivenda

O Concello de Ponteareas foi convidado a firmar, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) o convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan Galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. Con este acordo procúrase pór inmo- bles desocupados a disposición de persoas e familias en risco de exclusión social e de xeito prioritario, ás afectadas por procedementos de execucións hipotecarias ou por desafiuzamentos por impago da renda de alugueiro da súa vivenda habitual. "Consideramos que é un paso

positivo na dirección correcta, pero este convenio tampouco garante un baixo prezo da vivenda para os inquilinos nestes casos. Entendemos que a Xunta de Galicia terá que tomar outra serie de medidas para garantir o acceso á vivenda para estas persoas e familias. En todo caso, tentaremos habilitar un banco de vivendas a partir deste convenio", explica o alcalde Xosé Represas.

A participación no convenio é libre para aqueles concellos interesados. O Goberno remitirá comunicación á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo para comezar o procedemento que rematará coa sinatura do acordo de adhesión.

O Concello de Ponteareas arranxará o cruceiro da Porteliña en Bugarín

O cruceiro da Porteliña terá unha nova restauración tras ser derrubado e ficar fragmentado, nun estado "moi malo", segundo os técnicos municipais. De feito, en pé só quedou a súa base, toda a columna e cruz rompeu en varios anacos. Os restos están gardados en dependencias municipais para salvagardar a súa integridade de posibles roubos. Para o seu traslado e montaxe a obra precisará dun canteiro e dous restauradores, xa que se trata dun ben patrimonial catalogado.

O cruceiro da Porteliña está si-

tuado no pé do camiño entre o conxunto parroquial e casa grande, no lugar do mesmo nome. A obra ten un pedestal sen ornamentos, o varal é cadrado, cos bordos rebaixados e capitel esférico, con detalles xeométricos, a parte máis antiga do elemento e a cruz é de sección rectangular.

Non se coñece aínda a identidade do infractor que en febreiro deste ano escachou a obra considerada Ben de Interese Cultural, polo tanto, patrimonio histórico e artístico. Os feitos



foron denunciados ante a Garda Civil pola Asociación de Veciños de Bugarín. Non se coñecen as causas do incidente.

EU propón unha retribución máis xusta para o inspector de Policía

Esquerda Unida de Ponteareas, a través do seu concelleiro Lino Costas, fixo hoxe unha proposta que contempla unhas retribucións máis xustas para o novo inspector de policía da localidade.

Esta proposta ten en conta as retribucións -mediante os niveis de complementos de destino e complementos específicos- dos policías e oficiais de Ponteareas e dos inspectores doutros concellos da contorna.

E é que, se facemos unha

comparativa entre estes datos mencionados e a proposta da Xunta de Goberno do concello de Ponteareas, atopámonos cunhas diferenzas desproporcionadas, xa que por exemplo, o inspector levaría un gasto anual para o concello de case 20.000€ máis que un policía.

A proposta de EU contempla rebaixar este gasto nun 12%, quedando as retribucións salariais do inspector en case 2.500€ ao mes ou 29.016€ ao ano, que xa son 2.000€ máis que un oficial.




Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-



Tlf. e Fax: 986 61 43 12
Rosalia de Castro, 3 A GUARDA
Tlf.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS



Telf: 986 648 040 • AS NEVES (Pontevedra)

Marquesa del Pazo, 34 36440 AS NEVES
Telf: 986 648 040 info@casacalvino.es



Gastronomía tradicional
Lamprea a la bordalesa (en su salsa)
Lamprea ahumada (rellena y adobada)
Angulas - Cabrío lechal
Diversidad de vinos de calidad

PONTEAREAS

O Correlíngua chegou a Ponteareas co lema “O Galego está en Nós”

Máis de 2.000 cativos dos centros educativos de primaria e secundaria de Ponteareas e mais Tui encheron as rúas e prazas da vila nunha xornada de lecer e reivindicación a prol da lingua galega

A xeira comezou ben cedo, sobre as 8.00 horas, para un grupo de alfombristas que elaboraron en menos de tres horas unha alfombra floral conmemorativa da figura de Manuel María e as nosas letras na Praza Maior, onde se podía ler o lema da marcha: O Galego está en Nós

A partir das 11.00, o alumnado do CEIP Fermín Bouza Brey, CEIP Mestre Ramiro Sabell, CEIP Nosa S. Dos Remedios, CEIP Feli-

ciano Barrera, CPR A Inmaculada, CPR Santiago Apóstol, IES Val do Tea, IES Pedra da Auga, CIFP A Granxa, IES Ponteareas, así coma o CEIP Rebordáns e o CEIP Randufe, ambos de Tui, comezaron o percorrido do Correlíngua desde a praza da Feira Vella até a Praza Maior, para de volta vir até o punto de saída, onde lle esperaban as actuacións de Zénzar e Talía Teatro. Os artistas convidados fixeron as ledicias do público

máis pícaro, facéndooos partícipes do espectáculo.

Alumnos e alumnas de diferentes centros de primaria deron lectura ao manifesto gañador desta edición do Correlíngua, texto elaborado por 4º da ESO do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo co título Na procura do Galego. O poema colectivo deixa versos destacábeis coma: “Quero apreixar o galego coas mans/e só consigo respiralo”.



Domingo 22 de maio Festa da Bicicleta

Os afeccionados da bicicleta teñen unha nova cita en Ponteareas o próximo domingo 22 na Praza Maior a partir das 10.00 horas. A participación é permitida a partir dos 8 anos de idade, acompañados dos seus pais, nais ou titores. Durante máis de 13 quilómetros a marcha perco-

rrerá o municipio de Ponteareas polas parroquias de Angoares, Moreira, Cristiñade e Areas.

Durante a mesma, haberá tempo para coller forzas: no primeiro reagrupamentos, en Motos Carlos, no centro; nun avituallamento no parque da Bouza Vella, en Areas; despois, un segundo reagrupamento na Ponte das Par-

tidas, en Moreira; e por último, un reagrupamento no cruce da PO-403, no Eroski. A organización estima a finalización do evento arredor das 13.30 horas. Este ano o traxecto cambia, xa que en edicións anteriores pasaba por Mondariz, e nesta vindeira edición só marchará por Ponteareas.



CORPUS PONTEAREAS



29 maio 2016

CORPUS CHRISTI, FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

FESTAS DO CORPUS CHRISTI 2016

PROGRAMA DE ACTOS

Maio

XOVES 19

PRESENTACIÓN DA REVISTA "PREGÓN"

21:00 SALÓN DE PLENOS

SÁBADO 21

LECTURA DO PREGÓN DE CORPUS A CARGO do periodista ROI GROBA GONZÁLEZ e

CONCERTO DA ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA



21:00 AUDITORIO MUNICIPAL

DOMINGO 22

XOGOS FLORAIS. RECITAL POETICO E MUSICA A CARGO DE ALEJO AMOEDO E IRIA CUEVAS.

20 :00 AUDITORIO MUNICIPAL

MARTES 24

ANIMACIÓN DE RÚA CO GRUPO DE GAITAS "OS MUÍÑOS DE OLIVEIRA"

21:30

MÉRCORES 25

ACTUACIÓN BANDA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO REVERIANO SOUTULLO

ANIMACIÓN DE RÚA CO GRUPO DE GAITAS SAN SALVADOR DE PADRÓNS 20:30 AUDITORIO MUNICIPAL

21:30H

XOVES 26

ANIMACIÓN DE RÚA CO GRUPO DE GAITAS NAIAMA

21:30H

VENRES 27

CUMIO DE EXPERTOS EN MEDIO AMBIENTE E SAÚDE

(Programa Galego Municipios saudables e sostibles) ver páxina seguinte.

Coordinada polo Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira

ACTO DE ENTREGA DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO DE PONTEAREAS A D. FRANCISCO PEÑA CASTIÑEIRA

10:00 a 20:00 H. AUDITORIO MUNICIPAL

CONCERTO A CARGO DA SOPRANO TERESA NOVOA acompañada polo pianista PABLO RODRÍGUEZ

20:30 AUDITORIO MUNICIPAL

ANIMACIÓN DE RÚA CO GRUPO DE GAITAS PEDRA DA GARZA DE FOZARA

21:30H

SÁBADO 28

INICIO DA CONFECCIÓN DAS TRADICIONAIS ALFOMBRAS FLORAIS

A PARTIR 16:00H

APERTURA EXPOSICIÓN DE CORPUS

22:00 MERCADO MUNICIPAL

ANIMACIÓN DE RÚA COA ACTUACIÓN DAS

- CHARANGAS
- IMPERIAIS
- GUACAMAIS

A PARTIR DAS 24:00



DOMINGO 29

DÍA DO CORPUS CHRISTI ACTUACIÓN DA BANDA DE MÚSICA "A UNIÓN" DE GULÁNS,

ESTREA DA "MARCHA DAS FLORES" DO COMPOSITOR ROGELIO GROBA GROBA

11:00H diante da Casa do Concello.



ACTOS RELIXIOSOS:

Misa solemne cantada pola Coral Polifónica do Centro Artístico Sportivo e, de seguido, procesión acompañada da Banda de Música "A UNIÓN" de Guláns

11:30H

BATALLA DE FLORES. DESFILE DE CARROZAS ACOMPAÑADAS DA BANDA DE GAITAS TREMIÑADO DE PONTEAREAS

19:30H

ACTUACIÓN DA ORQUESTRA PALADIUM

21:30 PRAZA BUGALLAL

ACTUACIÓN DO GRUPO LUAR NA LUBRE

22:30 PRAZA MAIOR

FIN DE FESTA COA ORQUESTRA PALADIUM

24:00 PRAZA BUGALLAL

LUNS 30

ANIMACIÓN INFANTIL NA RÚA

Actividades lúdicas na Praza Bugallal

11:30H a 14:00H

Inchables, música e Festa

17:00 ás 21:30

ACTO RELIXIOSO:

Misa na Igrexa Parroquial por todos os alfombreros

finados

18:30H

OFRENDA FLORAL IN MEMORIAM

20:00 MONUMENTO AO ALFOMBRISTA

ACTO ENTREGA DE MEDALLAS DO CORPUS CHRISTI

20:30 AUDITORIO MUNICIPAL

ORQUESTRA PANORAMA

21:30 PRAZA MAIOR

EXPOSICIÓNS E OBRADOIROS

SÁBADO 21

Obradoiro de modelado en arxila e de banda deseñada e ilustración. Escola De Arte a partir das 17:00 na Praza Maior

Do sábado 28 a partir das 22:00h horas ata o luns 30 ás 22:00h

EXPOSICIÓN DE CORPUS NO MERCADO MUNICIPAL

Punto de información

turística na propia exposición

Do 22 ao 30 Exposición de Pintura "Pen-dos da Picaraña" de Patri Skinner no Auditorio Municipal.

Do 26 ao 31 Exposición de reloxo-ri-antos de Sechu Suárez Garra, e esculturas realizadas con material de reciclaxe de Héctor Rodríguez Álvarez no edificio da antiga ferretería Mariño na rúa da Esperanza.horaio: xoves e venres de 17 a 23:00. Sábado, domingo e luns de 10,30 ata peche

Do 28 ao 30 Exposición de pintura ao óleo da academia de pintura IRIS na praza Maior. Horario de 11 a 13; e de 17 ata peche.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Domingo 22

Festa da bicicleta

VII Open de Tenis Vila do Corpus

6 e 13 de xuño

XXI Trofeo de fútbol base "Vila do Corpus", nos campos de Pardellas e Angoares, os días **.11,12, 18,19, 24**

XXII Trofeo Vila do Corpus no campo de fútbol de Angoares

29 de maio ao 6 de xuño.

Torneo de Pádel. Torneo "Aguas de Mondariz - Corpus 2016" no complexo Álvaro Pino do

28 de maio de 9:00h a 14:30h

Campionato Provincial de Badminton Escolar.

Lugar Complexo Álvaro Pino. Organiza Clube Badminton Ponteareas.

ACTOS RELIXIOSOS

Día 29 de maio.

08:00 h Santa Misa.

11:30 h Misa Solemne e, de seguido, procesión coa Custodia.

Día 30 de maio (Festivo Local)

18:30 h Santa Misa na Igrexa Parroquial por todos os alfombreros finados.

CUMIO INTERNACIONAL DE EXPERTOS EN MEDIO

Co gallo do nomeamento, pola Corporación Municipal de Ponteareas, de “Fillo Predilecto de Ponteareas” ao Prof. Dr. Francisco Peña, como agradecemento ao Pobo do Ponteareas por serlle concedida tal distinción.

VENRES 27 MAIO 2016

10.00 h | Benvida aos congresistas: acreditación e entrega de documentos.

10.30 h | Acto inaugural do “Cumio de Expertos en Medio Ambiente & Saúde” e entrega do medallón de prata e esmalte conmemorativo do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020 ao Ilmo. Concello de Ponteareas, que recollerá o Sr. Alcalde, D. Xosé Represas Giráldez.

10.45 h | **Área temática I:**
“A saúde ambiental do planeta: de esperanza utópica a realidade tanxible, ¿cando?”

Moderador:

Prof. Dr. D. Eleuterio Martínez

Enxeñeiro forestal, especialista en Ecoloxía Tropical e Xestión Ambiental. Ecoloxista, bioeticista e investigador. Catedrático de varias Universidades (Santo Domingo-República Dominicana).

Relatores:

“A saúde ambiental em Moçambique”

D^a Teresa Luís Moreira

Ministério dos Recursos Minerais e Energía de Moçambique (Maputo-Moçambique).

“Algumas reflexões sobre a situação ambiental em Angola e na África”

D^a Amélia Kamia Samuel

Instituto de Desenvolvimento Florestal. Ministério da Agricultura e do Desenvolvimento Rural de Angola (Luanda-Angola).

“A protección e conservación do medio natural no Estado de México”

Prof. D. Carlos S. Pozos Zárate

Profesor na Universidad Autónoma do Estado de México. Delegado Federal da Procuraduría de Protección del Medio Ambiente (Estado de México-México).

“Saúde Ambiental; funções da Área Governativa Saúde”

Prof. Dr. D. Rogério Paulo Da Silva Nunes

Presidente da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental (Lisboa-Portugal).

“Saúde respiratória no ambiente das crianças”

Prof^a. D^a Raquel Rodrigues Santos

Vicepresidenta da Sociedade Portuguesa de Saúde Am-



A ponte medieval dos Remedios



Castelo do Sobroso

biental (Lisboa-Portugal).

“Programas de actuación en materia de saúde ambiental en Galicia”

D. Manuel Álvarez Cortiñas

Xefe do Servizo da Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia (Santiago de Compostela-España).

11.45 h | Debate entre relatores e congresistas.

12.15 h | **Área temática II:**

“Cidades saudables e sostibles: aire limpo, modelo enerxético sostible, loita contra a contaminación e o cambio climático”

Moderador:

Prof. Dr. D. José Ignacio Elorrieta Pérez de Diego

Doutor en Ciencias Biolóxicas. Exprofesor da Universidad Complutense de Madrid. Exdirector do Instituto de Salud Pública de Navarra. Exdirector xeral de Medio Ambiente do Goberno Foral de Navarra. Exdirector executivo de Sostibilidade da Fundación ISR. Exasesor da OMS (Madrid-España).

Relatores:

“A calidade do aire en España”

Dra. D^a Rosalía Fernández Patier

Xefa do Área de Contaminación Atmosférica do Centro Nacional de Sanidad Ambiental do Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Economía y Competitividad (Madrid-España).

“Vehículo eléctrico e enerxías renovables”

Prof. Dr. D. Francisco Silva Castaño

Doutor Enxeñeiro de Minas pola Universidad Politécnica de Madrid. Máster of Science (Massachusetts Institute of Technology, MIT). Profesor de Enxeñaría Ambiental na Universidade da Coruña durante 14 anos. Conferenciante de Dirección de Empresas na Universidade da Coruña e Escola Europea de Negocios. Premio extraordinario de doutorado e primeiro premio nacional de terminación de estudos. Foi director xeral de Reganosa, Forestal de Atlántico, Sogama e Imegasa. Delegado de Iberdrola en Galicia (Santiago de Compostela-España).

“Control de vectores en saúde pública: novas estratexias de loita fronte ás enfermidades emergentes”

Prof. Dr. D. Rubén Bueno Marí

Doutor en Ciencias Biolóxicas. Director técnico e responsable Departamento de Investigación e Desenvolvemento de Laboratorios Lokimica (Valencia-España).

“Saúde e medio ambiente atmosférico: os tempos do clima”

Prof. Dr. D. Dominic Royé

Xeógrafo alemán. Na actualidade, docente e investigador na Universidad de Cantabria (Colonia-Alemania).

“A adaptación ao cambio climático: unha necesidade dos municipios, as empresas e a cidadanía”.

D. Ramón Barco Alcón

Enxeñeiro técnico forestal. Experto en Desarrollo Territorial por CEPAD-Universidad Politécnica de Madrid. Membro de CCOO no Observatorio de Cambio Climático (Plasencia-España).

13.30-14:00 h | **Debate entre relatores e congresistas.**

16.00 h | **Área temática III:**

“Sostibilidade dos recursos hídricos e xestión dos residuos”

Moderador:

Prof. Dr. D. Aurelio Hernández Muñoz

Catedrático emérito de Enxeñaría Sanitaria e Ambiental da Universidad Politécnica de Madrid. Elaborou diversos plans de abastecemento e saneamento ademais de intervir en máis de douscentos proxectos de depuradoras. Ten no seu haber a Medalla da UPM e diversos premios recibidos (Madrid-España).



A Pena do Equilibrio

Relatores:

“Modelos de avaliación ecotoxicolóxica hídrica”

rof^a Dra. D^a María Julia Melgar Riol

Catedrática de Toxicoloxía da Facultade de Veterinaria da USC-Campus de Lugo. Académica correspondente da Academia de Farmacia de Galicia (Lugo-España).

“Planificación hidrolóxica en Galicia”

Prof. D. Francisco Alonso Fernández

Xefe do Servizo Territorial de Zona Galicia Sur de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo (Vigo-España).

“A xestión integral sostible da auga no medio urbano”

D. José Antonio del Rey Martín

Xerente de Operacións de Viaqua (Santiago de Compostela-España).

AMBIENTE E SAÚDE - PONTEAREAS (GALICIA)

“Xestión dos residuos urbanos no Norte de Portugal”

Profª Dª Susana Paixão

Licenciada en Saúde Ambiental e mestre en Educación Ambiental. Directora do Departamento de Saúde Ambiental da Escola Superior de Tecnoloxía da Saúde do Instituto Politécnico de Coimbra. Presidenta Global Environmental Health Faculty Forum – GEHFF 2015 (Coimbra-Portugal).

“Implicacións ambientais, económicas e sociais do modelo Sogama para a cidadanía galega”

Dª María Esther Campos Mosquera

Responsable de Comunicación e Prensa de Sogama (A Coruña-España).

“Situación actual do mercado da xestión de residuos”

D. Juan Mogin del Pozo

Licenciado en Ciencias Químicas. Experto en xestión de residuos industriais. Vicedecano del Colegio Oficial de Químicos de Galicia (Cangas-España).

17.00 h | Debate entre relatores e congresistas.

**17.30 h | Área temática IV:
“Xestión sostible dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico: posta en valor do patrimonio natural de Galicia”**

Moderador:

Prof. Dr. D. Domingo Gómez Orea

Catedrático de Medio Ambiente, Ordenación Territorial e Planificación do Desenvolvemento Sostible da Universidad Politécnica de Madrid: MAUSAR, para ordenación territorial; e IMPRO, para avaliación de impacto ambiental. Premio Augusto González Linares a unha traxectoria en medio ambiente e territorio, promovido polo Goberno de Cantabria e a Universidad de Cantabria (Madrid-España).

Relatores:

“Desarrollo, medio ambiente e calidade de vida en Argentina”

Profª Dª Verónica Giberti

Máster en Xestión dos Recursos Naturales y Medio Ambiente por CEPADE-UPM. Xefe de traballos prácticos en EIA na Licenciatura de Ciencias Ambientais e subsecretaría de Asuntos Estudiantís e Bienestar da Comunidade na Facultad de Agronomía da Universidad de Buenos Aires (Buenos Aires-Argentina).

“Ordenación e xestión integrada do litoral”

Prof. Dr. D. Francisco Javier Sanz Larruga

Experto en Dereito Ambiental. Catedrático de Dereito Administrativo e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. Profesor visitante na University of Berkeley. Autor de numerosas publicacións científicas (A Coruña-España).



Castro de Taron

“Gandería e territorio, un binomio sostible e necesario”

D. Eduardo Torres Fernández

Inspector do Corpo Nacional de Veterinarios. Entre outros cargos, ocupou a xefatura do Servizo de Producción Gandeira no Departamento de Agricultura, Gandería, Pesca, Alimentación e Medio Natural da Generalitat de Catalunya (Barcelona-España).

“Rehabilitación medioambiental da mina de Lignitos de Meirama”

D. Roberto González Philippon

Subdirector de Explotación de Activos Mineiros. Gas Natural Fenosa (A Coruña-España).

“Aplicación da Lei de Responsabilidade Ambiental. Aspectos prácticos”

Dª María Victoria Escuredo Merino

Xefe do Departamento de Consultoría e Medio Ambiente Galicia. Applus Norcontrol (Sada, A Coruña - España).

“Relevancia do medio natural no Condado-Paradanta”

D. Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

Naturalista e investigador. Presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Medalla de prata de Galicia concedida pola Xunta de Galicia (O Porriño-España).

“Emprego e medio ambiente”

D. Juan José Lirón Lago

Subdirector xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia (Santiago de Compostela-España).

“O turismo sostible en Galicia: posta en valor do contorno natural como medio de recreo e rendibilidade económica”

Dª María Nava Castro Domínguez

Directora da Axencia Turismo de Galicia (Santiago de Compostela-España).

18.30 h | Debate entre relatores e congresistas.

19.00 h | Presentación do LIBER AMICORUM.

20.15 h | Intervención de clausura (videoconferencia):

Prof. Dr. D. Federico Mayor Zaragoza

Doutor en Farmacia pola UCM (1958). Catedrático de Bioquímica e reitor da Universidad de Granada (1968-1972), Cofundador en 1974 do Centro de Biología Molecular Severo Ochoa da UAM e do CSIC, do que foi ademais presidente científico ata o ano 1978. Diputado ao Parlamento Español (1977-1978). Exministro de Educación e Ciencia (1981-1982). Diputado ao Parlamento Europeo (1987). Director xeral da UNESCO (1987-1999). Presidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces desde 1993. En 2005 foi designado polo Secretario Xeral da ONU, copresidente do Grupo de Alto Nivel para a Alianza de Civilizacións. En 2007 foi premiado co recoñecemento Mare Terra dos Premios ONES Mediterránea pola súa traxectoria na loita pola igualdade, a xustiza social e a defensa medioambiental. Actualmente preside a Comisión Internacional contra a Pena de Morte. Presidente da Fundación Cultura de Paz (Madrid-España).

20.30 h | Acto de entrega do título e Fillo Predilecto de Ponteareas a D. Francisco José Peña Castiñeira, acto promovido e organizado polo Ilmo. Concello de Ponteareas.

Presentará o acto D. Roi Groba, presentador de TVE e pregoeiro de CORPUS 2016.

PROGRAMA DO ACTO:

- n Benvida ás autoridades, aos invitados e aos asistentes, por parte do alcalde do Ilmo. Concello de Ponteareas, D. Xosé Represas Giráldez.
- n Lectura do nomeamento de D. Francisco José Peña Castiñeira como Fillo Predilecto de Ponteareas, aprobado por unanimidade da Corporación Municipal do Ilmo. Concello de Ponteareas.



O monte de A Picaraña

- n Entrega de atributos a D. Francisco José Peña Castiñeira, Fillo Predilecto de Ponteareas.
- n Discurso de agradecemento do homenaxeado.
- n Intervención do Prof. Dr. D. Federico Mayor Zaragoza, exdirector xeral da UNESCO e presidente da Fundación Cultura de Paz.
- n Discursos das autoridades que asisten ao acto.
- n Discurso de clausura do Sr. Alcalde do Ilmo. Concello de Ponteareas, D. Xosé Represas Giráldez.
- n Concerto de Teresa Novoa, acreditada soprano cun recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional.



Mosteiro San Diego de Canedo

**22.30 h | Cea-encontro de confraternidade dos pobos do mundo
GRAN HOTEL BALNEARIO DE MONDARIZ (SALÓN INFANTA):**

Os interesados en asistir deberán confirmar a súa asistencia a Dª Amalia Gallego (678721363, amalia.gallego@balneariodemondariz.com). **Necesario pago previo ao evento con transferencia ao número de conta do BANCO SABADELL: ES81 0081 0492 4500 0129 2532. Indicar en concepto nome do evento e titular da reserva.**

SECRETARIA TÉCNICA (información e inscricións)

D. Dalmacio Vázquez Troncoso

Tel: +34 986 661 674

departamentocultura@ponteareas.es

www.medioambienteysalud.com

Xardíns da Xiralda, s/n – 36860 –PONTEAREAS (Galicia)

ESPECIAL CORPUS 2016

Alfombras florais confeccionadas nas distintas parroquias da comarca no pasado ano 2015

por **Andrés Sampedro Fernández**

Como en anos anteriores, foron moitas as parroquias da comarca que confeccionaron as súas tradicionais alfombras florais para as distintas celebracións relixiosas do calendario festivo parroquial, aínda que o Corpus Christi é a celebración no que máis alfombras se confeccionan, pero para que non coincidan todas na mesma data, algunhas teñen un día inalterable e outras adaptáanse a un calendario, non escrito, para non confluír unhas con outras e as que orbitan entorno ás ponteareás fan que non coincidan con esta, adiantándose unhas e retrasándose outras. Das

capitais municipais só en Santa María das Neves e Santa Teresa da Cañiza confeccionan alfombras florais para o Corpus Christi, todas as demais son parroquias de todos os concellos, exceptuando as da capital do alfombrismo, Ponteareas, confeccionáronse alfombras en 22 poboacións da nosa gran comarca alfombreira.

En moitas destas parroquias nas que se adorna con alfombras florais os templos e os percorridos procesionais, aproveitan para que os cativos e cativas reciban a súa primeira comunión, polo que a efeméride énchese de cor e lucimento festivo.

No que atinxe á climatoloxía da pasada primavera, non foi a máis propicia para que os veciños e veciñas encargados de confeccionar as laboriosas alfombras florais puideran levar a cabo o seu arduo e ímprobo traballo, xa que sen axuda de tan importante factor é imposible dar mostra da do bo facer artístico, por mor de que unha boa parte das alfombras confecciónanse ao aire libre nos percorridos tradicionais das procesións parroquiais. Para mostra, un botón, o fin de semana do 14 de xuño, o mal tempo fixo que as alfombras se suspenderan ou ben que foran feitas contra a mañanciña xa

que estivo un fin de semana moi chuvioso, pero milagrosamente a mañá do domingo non escampou, polo que permitiu que se confeccionaran boa parte das alfombras que estaban previstas, aínda que algunhas non se confeccionaron ou quedaron a medio facer.

Con esta pequena mostra gráfica, preténdese facer xustiza, recoñecer e aplaudir o enorme traballo que levan a cabo os veciños e veciñas alfombreiros e alfombreiras da nosa bisbarra, para deixar mostra da súa vea artística que de forma desinteresada e comprometida manteñen unha tradición, nalgúns casos, secular.



San Breixo de Arcos (Ponteareas)



San Estevo de Casteláns (Covelo)



Santa Eulalia de Batalláns (As Neves)



San Salvador de Padróns (Ponteareas)



Alfombra das Pascuillas en Mondariz Balneario



San Xurxo de Ribadetea (Ponteareas)

Confeccionáronse alfombras en 23 poboacións da nosa gran comarca alfombreira
En moitas destas parroquias nas que se adorna con alfombras florais os templos e os percorridos
procesionais, aproveitan para que os cativos e cativas reciban a súa primeira comunión



San Nicolao de Prado (Ponteareas)



San Fins de Celeiros (Ponteareas)



San Xosé de Ribarteme (As Neves)



Santiago de Oliveira (Ponteareas)



San Xulián de Guláns (Ponteareas)



Santiago de Ribarteme (As Neves)



Santo André de Uma (Salvaterra de Miño)



San Mamede de Vilar (Mondariz)

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

A sospeitosa morte dun agrarista de Fornelos da Ribeira

por Francisco Candeira Mosquera

O Condado reuniu historicamente as características dunha sociedade rural fundamentada nas relacións de propiedade e dependencia, relacións que inevitablemente derivaron en situacións conflitivas. Esta conflitividade manifestouse, durante as primeiras décadas do século XX, vencellada á loita agraria entre as poboacións labregas organizadas en sociedades e os “señores da terra”, en torno á desaparición ou conservación das vellas estruturas da propiedade compartida en réxime foral.

Por desgracia, a xeografía galega está salferida de casos de violencia acontecida durante a longa etapa da mobilización agrarista das primeiras décadas do século XX. Nela as vítimas case exclusivas foron os de abaixo, os labregos, que non se resignaron e loitaron por cambiar o estatu quo.

O camiño dos que pretenderon en Galicia cambiar esa situación foi duro e estivo salferido de verdadeiras traxedias rurais espalladas a traves dos longos anos de reivindicación, por toda a nosa xeografía: O masacre de Oseira (Cea) en 1909, con 9 labregos mortos e 27 feridos pola Garda Civil ao servizo do sistema; o crime de Salvaterra, de 1911 dun agrarista da aldea de Lourido a mans do Secretario municipal e os seus fillos (1); os sucesos de Nebra (Porto do Son), en 1916, con 5 labregos mortos a tiros pola Garda Civil; En Sofán (Carballo) en 1919, con 4 mulleres mortas tamén pola Garda Civil; en Sobredo (Guillarei) en 1922, con 3 mortos máis pola Garda Civil.

Agrarismo, republicanismo e rexeneracionismo foron as canles polas que, a principios do século XX, parte da poboación fixo súas as palabras de Joaquín Costa que proclamaba o valor da conciencia cívica disposta a facer valer os seus dereitos e mesmo o seu poder como pobo soberano, con enorme didactismo: “las hoces no deben emplearse nunca más que en segar mieses; pero es preciso que los que las manejan sepan que sirven también para segar otras cosas, si además de segadores quieren ser ciudadanos” (2)

Neste eido, a actividade tenaz de persoas e grupos, lograron sensibilizar a amplas masas campesiñas que se debateron entre as tradicionais dependencias tardo-feudais e a inauguración de modelos de propiedade propios da idade contemporánea. Especialmente sensibilizados foron as agrupacións de emigrantes galegos en América que resultaron os máis entusiastas defensores da liberdade e da modernización. Eles mantiveron as loitas, ás veces, con máis constancia que os propios lugareños. A sensibilización das asociacións de emigrados en América propiciou que en ocasións as vexamos liderando as iniciativas para o esclarecemento dos casos aparentemente máis dúbidosos en que as forzas agraristas locais desestima-



Ruínas da antiga casa social do Sindicato Agrícola Ganadero “El Progreso” de Fornelos da Ribeira, destruída polos sublevados na Guerra Civil.

ban a loita social.

En palabras de Núñez Seixas, “Todo un enjambre de sociedades gallegas de ámbito parroquial, municipal y comarcal surgió en Buenos Aires, al igual que en La Habana (y, en menor medida, Montevideo), entre 1904 y 1936, con un período de máxima intensidad global entre 1907-1925. La primera sociedad de instrucción conocida en Buenos Aires surgió en abril de 1904. Se trataba de La Concordia, una asociación de los naturales de la parroquia de Fornelos da Ribeira” (3)

Os conflitos xurdidos arredor do control da propiedade da terra no Condado derivaron ás veces en violencia física con trasfondo político.

Exemplo disto achámolo no caso de Fornelos da Ribeira onde, en 1920, se produciu a morte dun vello dirixente agrarista, en circunstancias aparentemente alleas á violencia. Ata a prensa de Santiago informaba que “na mañá do 2 (de febreiro) fue visto tendido panza abajo sobre una charca en el punto llamado Curxido, el cadáver de Juan Domínguez Viéitez, viudo, de 74 años de edad, del barrio de Pedrapineira. Pero atribuíuna a causas naturais e desbotábaa como produto dunha agresión criminal. E en semellantes termos manifestábase a propia prensa agraria -El Tea- :

“En la mañana del 2 apareció ahogado en la pequeña presa denominada Curxido el vecino de esta Juan Domínguez Vieitez. En el mismo día, y lugar del suceso se han hecho las correspondientes investigaciones por el señor Juez de instrucción y médico forense, sin que se haya notado la

menor huella de que pudiese ser un caso de homicidio. Al día siguiente practicada la autopsia por los facultativos hemos podido saber que esto haya sido un ataque cerebral.

Descanse en paz” (4)

Pese a producirse durante o reinado de Alfonso XIII e desestimarse as súas motivacións políticas, a insistencia dos emigrados en América conseguiu reabrir o caso chegada a 2ª República: “La República fue bien acogida por los de Fornelos.(...) la instauración del nuevo régimen alimentó las esperanzas de que se aclarase por fin una muerte acontecida en 1920, la de un viejo Labrador agrarista llamado Juan Domínguez Viéitez. La justicia había dado carpetazo al caso -muerte accidental- pero no tardaron en surgir las sospechas de que la red caciquil dirigida por los Bugallal estaba detrás”.

En 1932 os agraristas esperaban que as novas autoridades da República “promoverían la revisión del caso y se aclararía por fin lo sucedido con Juan Domínguez.” (...) O seu cadáver, apareceu de bruce e presentaba indicios da intervención dunha man criminal polos sinais de pegadas que se debuxaban nas súas costas e pescozo. “La convicción de que había habido una mano negra, un asesinato político, fue en aumento, y se creó una ‘Comisión pro-esclarecimiento del crimen de Fornelos’ que recaudó fondos por diversas localidades gallegas y recibió múltiples apoyos de sociedades agrarias y obreras”.

As asociacións americanas consideraron que a chegada da República orixinaba novas expectativas de

esclarecemento“para dar su merecido a los malvados que en su desenfrenada carrera de bandolerismo, ya no les basta el robo de actas, el soborno en las elecciones o la amenaza en las tabernas sino que amparados en la impunidad de las huestes caciquiles, ensangrentaban sus manos con la sangre de los honrados y sufridos labradores gallegos, ansiosos de una vida mejor”.

Sen embargo, en vísperas da sublevación militar de 1936 o asunto seguía atascado no Tribunal Supremo. E despois, “La Guerra Civil española (1936-39) y las directrices políticas y económicas del régimen franquista truncaron no sólo la investigación sobre el crimen sino también la labor de los agrarios y su cooperación con los emigrados en América”. (5)

Por iso, a morte do vello agrarista de Fornelos, Juan Domínguez, segue a ser un caso iconcluso.

1.-CANDEIRA MOSQUERA, F.: O crime de Salvaterra. In A Nova Peneira, 30 anos de A Peneira, maio 2014, ppx-16-17.

2.-COSTA, J: Oligarquía y caciquismo como forma actual de gberno en España. Urgencia y modo de cambiarla. 1902.

3.-NÚÑEZ SEIXAS, XM: Redes sociales y asociacionismo. Las “parroquias” gallegas de Buenos Aires (1904-1936)

4.-EL TEA, 7-2-1920, px-3

5.- Historias sobre la agricultura gallega del siglo XX. Comentarios, análisis, documentos acerca de la economía agraria y la vida campesina. 19-10-2011. In Galiciaagraria, blogspot.com/.../agroenlace-1931-escenas-de-la-galicia.html. Consultado o 3-5-2016. É una fonte principal para seguir a evolución deste asunto.

SALVATERRA DE MIÑO



A Xunta renovará as pistas de tenis de A Canuda

O Delegado da Xunta en Vigo, Ignacio López Chaves, visitou co Alcalde de Salvaterra de Miño, Arturo Grandal Vaqueiro, as pistas de tenis do Parque Público A Canuda, para ver de primeira man as necesidades de renovación das mesmas, obras que vai realizar a Secretaría Xeral de Deportes por un importe de 40.000€ e cas cales se pretende por en valor unha das diferentes alternativas deportivas que ofrece o noso Concello.

O Concello premia aos mellores estudantes

O Concello de Salvaterra de Miño ven de aprobar en Xunta de Goberno as bases da undécima convocatoria "Premios Educación - Curso 2015/2016"

Salvaterra de Miño foi un dos primeiros e dos poucos concellos que premia a excelencia académica. Dende fai máis dunha década premia o esforzo e dedicación dos estudantes do seu municipio.

Toman parte neste concurso o alumnado do Instituto de Educación Secundaria e dos tres Centros de Educación Primaria de Salvaterra (CEIP Infante Felipe, CEIP de Leirado e CEP Carlos Casares), establecéndose os seguintes premios: 14 lotes informáticos compostos por unha Tablet Samsung galaxy, con funda, memoria e

powerbank ; 3 bolsas de estudos que consistirán nunha viaxe a Reino Unido - Worthing (costa sur de Inglaterra) co obxecto de perfeccionar a lingua inglesa. Esta viaxe terá unha duración de tres semanas e levaranse a cabo no mes de agosto do ano en curso, con todos os gastos pagoss, incluíndo desprazamentos, aloxamento, un curso de inglés, material escolar, tarxeta de transporte, actividades...

Os lotes informáticos distribúense entre o alumnado con mellor expediente académico de 2º Ciclo Formativo de Grao Medio de Caldeiraría e Soldadura, de FP Básica de Carpintaría e moble, de 4º de ESO e os alumnos de primaria. As tres bolsas de estudio entre os mellores expedientes de 2º de Bacharelato.



III Encontro de Pandereteiras Infantís do Condado

A Asociación Cultural Ondiñas do Mendo organiza, coa colaboración do Concello de Salvaterra de Miño, o III Encontro de Pandereteiras Infantís do Condado, o próximo 22 de maio, ás 18.00h, no Centro Multilugos de Leirado. Os grupos participantes son: Pontenova, de Salvaterra, Flor de Mouriscados, Caramuxiñas, de A Guarda, Castromao, de Mondariz e Ondiñas do Mendo de Leirado.

Salvaterra aproba axudas para o curso escolar 2016-2017

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Salvaterra de Miño aprobou en Xunta de Goberno as bases e a convocatoria específica de concesión de axudas económicas destinadas á adquisición de libros e material escolar de cara ao próximo curso 2015-2017.

O obxectivo destas axudas, que se convocan anualmente, é promover o principio de igualdade na educación e compensar as familias con recursos limitados para cubrir os custos derivados da escolarización dos seus fillos, entendendo como tales tanto a adquisición de libros como

o resto de material escolar. Estas axudas están dirixidas aos alunos e alumnas de Educación Infantil matriculados nos centros escolares de Salvaterra.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 14 xullo ao 16 agosto, ambos inclusive. Os interesados en solicitar esta axuda económica deberán presentar as solicitudes xunto coa documentación esixida polo Departamento de Servizos Sociais, os martes ou xoves, nese mesmo departamento, de 08.00 a 14.00 horas.

É necesario aportar o DNI ou NIE dos membros da uni-

dade familiar, o libro de familia e xustificantes dos ingresos da unidade familiar do ano en curso. Ademais, os interesados terán que achegar o recibo de aluguer ou o certificado bancario en caso de estar pagando unha hipoteca da súa vivenda habitual. Ademais, é necesaria unha copia da declaración de renda e sentencia e convenio regulador en caso de divorcio.

Para máis información contacte o Departamento de Servizos Sociais, as bases son publicados na páxina www.concellodesalvaterra.org



CONDADO/PARADANTA

Taboleiro de eventos



Do 23 de maio ao 11 de xuño en Covelo



Martes 17 de maio en Mondariz



Do 5 ao 27 de maio en As Neves



Domingo 5 de xuño en Arbo



Domingo 22 de maio en As Neves



Domingo 29 de maio en Fornelos da Ribeira

Jesús González e Sergio Pérez, bronce no Campionato de Europa de Remo

Óscar Carrera acada a clasificación para os Xogos Olímpicos e Rubén Millán e Gabriel Pavón para o preolímpico

O remeiro tudense Jesús González, xunto ao malagueño afincado en Tui, Sergio Pérez, integrantes do Club Remo Robaleira, participaron nesta fin de semana no Campionato de Europa de Remo, na cidade alemana de Brandemburgo, acadando a medalla de bronce na modalidade de dous sen peso lixeiro.

Na xornada do sábado 7, Suso González e Sergio Pérez gañaron a súa eliminatoria e accedieron á gran final, coa intención de mellorar a súa cuarta posición do ano 2015. Nesta, a embarcación española rexistrou un tempo de 7:05.320, a 5.020 segundos da británica, que acadou a presea de ouro, e a segundo e medio da parella danesa.

Esta medalla de bronce foi a única que acadou a selección española neste campionato, no que tamén participaron outros tudenses. Así, Nuria Domínguez rematou decimocuarta en skiff feminino, e Óscar Alonso e David Prada, gañaron a final B, rematando na sétima posición, coa embarcación oito con temoeiro. O portugués Jorge André Carvalho, tamén do Club Remo do Miño, participou na modalidade dous sen temoeiro, acadando a sexta posición.



Por outra parte nesa fin de semana confirmouse a presenza dun tudense nos próximos Xogos Olímpicos de Río, xa que Óscar Carrera acadou esta clasificación e será un dos compoñentes do K4 1.000 metros. O padeeiro tudense rematou a súa regata en Trasona en sexta posición e, xunto a Rodrigo Germade, serán os in-

tegrantes galegos desta embarcación en Río.


Nesta mesma regata, os padeeiros do Club Kayak Tudense, Rubén Millán e Gabriel Pavón, acadaron a clasificación para o preolímpico de Duisburgo, onde pelexarán en escasos doce días, por unha praza olímpica no K2 1.000 metros.

XIX Feira do Libro Galego

O Paseo da Corredoira de Tui acollerá o próximo martes, 17 de maio, Día das Letras Galegas, a XIX Feira do Libro Galego organizada polo Concello de Tui coa colaboración das librerías Iris, Espazo Lector Nobel e Valverde. De forma paralela terá lugar unha Feira de Antigüidades, con máis de 50 postos.

A XIX Feira do Libro Galego, que será inaugurada ás 12h, contará con 22 postos de libros en galego a cargo das tres librerías. Ata ás 22h o público poderá mercar os libros cun 10% de desconto.

Ao longo do día celebráranse distintas actividades de animación. Así os nenos poderán participar de 11.30h a 13.30h e de 17.30h a 20.30h nun obradoiro de marcapáxinas e xogos populares a cargo de "En un Tris Tras". Tras o acto de apertura iniciárase unha lectura colectiva de textos de Manuel María na que pode participar todo aquel que o desexe. Ás 12.15h actuará o grupo folclórico "Refai-xos e Polainas" de Baldrás, e ás 13.15h será a quenda da Banda de Gaitas "Lembranzas da Terra" de Guillarei. A actividade retomárase ás 16h co "Gran Xogo das Letras Galegas" dirixido a maiores de 6 anos a cargo de Eduvía, para o que é preciso inscribirse previamente na Biblioteca Municipal. Ás 17.30h actuará o grupo de música tradicional Arume de Malvas, ás 18.45h a Banda de Gaitas San Xoán de Paramos e por último ás 20.30h o grupo portugués de cordas "6TÁ59".



BAIXO MIÑO

A GUARDA



A Praza do Reló acolle a Feira do Libro da Guarda

O vindeiro domingo, día 22 de maio, a Praza do Reló acollerá a Feira do Libro da Guarda. Trátase da 9ª edición dunha iniciativa na que librerías da Guarda e doutros concellos da comarca do Baixo Miño porán á venda os seus libros cun 20% de desconto durante todo o día.

Un dos pratos fortes da xornada correrá ó cargo de Fran Rei, que se encargará de realizar a sesión de contos "OS CONTOS DA BARRIGA VERDE". Esta dará comezo cara ás 12:30 horas e estará baseada en textos de Manuel María, o escritor homenaxeado este ano polo Día das Letras Galegas.

Xa pola tarde os visitantes poderán desfrutar, ás 19:30 horas, doutra das actividades destacadas da xornada: o espectáculo "Falar sen cancelas".

Nesta actuación os cómicos Pedro Brandariz, Fran Rei e Isabel Risco combinarán monólogos, representacións e diferentes xogos coa palabra e, sobre todo, o humor como protagonistas.

Entre as librerías que acudirán cos seus postos atópanse ATLÁNTICA, LER E CERVANTES da Guarda; MULTINOVAS E IDEAS, do Rosal e Libraida de Gondomar. Ademais tamén haberá un posto de intercambio de libros, tanto de adultos como infantís, no que os asistentes poderán deixar un libro que xa non queiran e levar outro a cambio.

A Feira concluirá ás 21 horas cun sorteo de libros que dará por finalizada unha das citas máis sinaladas do ano para librerías e lectores da Guarda

A Deputación entrega material clubs deportivos da Guarda

Este xoves 12 de maio, ó mediodía, tivo lugar no Salón de Plenos do Concello da Guarda o acto de entrega do material deportivo concedido pola Deputación de Pontevedra a clubs da Guarda.

Por motivos de axenda no acto só puideron participar representantes do Club de Remo Robaleira e do Clube Balonmán Atlético Guardés. Entre outro material entregouse balóns de fútbol e ba-

lonmán, esteiras, pelotas de tenis, petos, redes e conos.

Esta acción forma parte dunha iniciativa piloto da Deputación de Pontevedra para dotar de material deportivo a clubs federados de municipios da provincia que teñan menos de 50.000 habitantes e facer así unha repartición equitativa de material entre os clubs deportivos da provincia despois de coñecer as súas necesidades.



Erguete Baixo Miño organiza varios talleres

Asociación Erguete Baixo Miño organiza varios talleres a desenvolver próximamente. Xa deu comenzo, con periodicidade semanal, un Taller de Respiración Consciente e Meditación: Aprende a Calmar a Mente e as súas Emocións, en horario de 19:00 a 21:00 h. Trátase dunha nova actividade de carácter práctico na se busca afrontar o estrés e eliminar a ansiedade e os nervios, en definitiva, levar a mente a casa, soltar e relaxarse.

Durante a xornada do sábado día 4 de xuño e o sábado 2 de xullo realizaremos o 3º e 4º Taller de Constelacións Familiares no que vai de ano. Como facilitadora contactan con Dña. Mª Jesús Alfonso Amoedo – Psicoterapeuta, coach, especialista en Programación Neuro-Linguística entre outra formación e que conta cunha ampla experiencia. Trátase dunha ferramenta terapéutica que axuda a solucionar e mellorar as relacións persoais, familiares, de

parella ou laborais. É dicir, a través das constelacións -unha experiencia vivencial- poden desenmarañarse os enredos do noso sistema familiar e recuperar a fortaleza e os vínculos fundamentais que estaban detidos nun determinado conflito.

Desde Erguete lembran que tamén segue aberto o Grupo de Ioga dirixido a todas aquelas persoas que desexen iniciarse nesta práctica tan saudable para o corpo e para a mente. Os días son martes

e xoves en horario de 09:30 a 11:00 h. da mañá.

Todas estas actividades teñen como emprazamento o local social da Asociación Erguete Baixo Miño.

As persoas interesadas poderán solicitar máis información de cada unha delas ou inscribirse na r/Colón, 20 (Edif. O Pescador 1º piso) de A Guarda, nos teléfonos 986 614 407 -640 086 376 (vía WhatsApp) ou no e-mail info@erguete.org



AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA
CHAPA E PINTURA Ó FORNO
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE
VARIEDADE EN RODAS

Pazo, 8
Tortoreos

telf: 986 66 74 86
36849 AS NEVES

EMILIO
seguros



DECESOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

telf. información: **609 544 351**

A GUARDA



Sinatura do Convenio de reposición da cuberta do colexio As Solanas

O día 5 de maio o alcalde de A Guarda, Antonio Lomba, acudiu ao edificio da Xefatura Provincial de Educación para a sinatura oficial do Convenio da obra de reposición da cuberta do Colexio As Solanas.

Por parte da Consellería a sinatura oficializouse co conselleiro de Educación, Román Rodríguez e estiveron presentes o delegado da Xunta en Ponte-

vedra, Jose Manuel Cores Tourís, e o xefe provincial de Educación, César Pérez Ares.

Esta obra será co-financiada entre a Consellería de Educación e o Concello da Guarda coa aportación de 75.000 euros por cada unha das partes.

Con esta sinatura complétanse os trámites para que a Consellería proceda á licitación da obra.

Apertura da rúa do Calvario tras as obras de humanización

Quedou aberta ao uso a rúa do Calvario despois de rematar as obras da segunda fase de humanización.

Esta obra de humanización da rúa do Calvario consistiu na reposición de todos os servizos; sumidoiros, separando pluviais e fecais; abastecemento de auga e as canalizacións subterráneas para liñas eléctricas e comunicacións. O firme da rúa leva acabados en pedra e adoquín.

O proxecto inicial tiña un orzamento de 216.464,57 euros, dos que finalmente foron utilizados 162.846,30 euros, custo final das obras. Parte dos 53.618,27 euros aforrados invirtíuse na canalización dos servizos de electricidade e comunicacións. Outra

parte desa baixa vaise adicar á conexión das augas pluviais da rúa do Calvario coas existentes no 5º de Transversal Oliva, executando así a totalidade dos fondos outorgados pola Deputación.

Con esta actuación o segundo tramo da rúa do Calvario recupera o aspecto nobre que merece unha rúa coa historia e tradición desta. Durante estes últimos días tense constatado a satisfacción dos veciños polo aspecto e acabado final da rúa.

Queda pendente para humanizar a rúa por completo un terceiro tramo ata chegar á praza da Guía. A previsión do Goberno é a de realizalo na presente lexislatura pois xa se está iniciando a redacción do proxecto.

O Concello da Guarda busca ampliar o seu servizo de Gardería

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, e a Concelleira de Asuntos Sociais, Teresa Vicente, trasladaron á Xerencia do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, a demanda de aumentar o número de prazas de Gardería para A Guarda, que na actualidade é de 40. Isto podería facerse mediante a ampliación do edificio actual, se é posible, ou construíndo unha nova Gardería.

Reitérase así unha necesidade xurdida do aumento durante os últimos anos da demanda de prazas e tamén do número de persoas en lista de agarda que no pasado curso foi de 30 persoas.

De acordo ás recomendacións da Comunidade Europea, o número de prazas de gardería debería ser como mínimo o 35% da poboación en idade de acceder a ela. No caso da Guarda a porcentaxe é de tan só do 17%, polo que sería axeitado duplicar o número de prazas ofertadas.

Ademais, o Concello da Guarda tamén solicitou ao Consorcio que a Gardería da Guarda sexa incluída na rede de Garderías de



Galicia Galiña Azul.

As demandas que fai o Concello diante do Consorcio e da Consellería teñen como obxectivo mellorar os problemas de conciliación que teñen moitas familias na Guarda.



BAIXO MIÑO

TOMIÑO

“Os Teixugos” gañan a III Copa de Slálom Galego



Este domingo celebrouse en Castrelo, Mazaricos, a 3ª Copa Galega de Slálom Olímpico correspondente a Liga Galega de Slálom. A competición, que comezou con moito retraso debido a un malentendido coas empresas eléctricas que controlan as augas do río Xallas, non puido ir mellor para os Teixugos.

Nunha tarde chuviosa e fría, e despois dunha longa espera agardando por un bo caudal de auga, todos os deportistas deron o mellor de si mesmos. Andrea González gañou en K1 sénior e Laura Alonso quedou terceira na mesma categoría. Brais Castro en C1 sénior tamén acadou o primeiro posto; a mesma posición para Manuel Ochoa en K1 júnior na que ademais Brais Castro quedou terceiro. Outra gañadora na súa categoría foi Ariadna Pereira en K1 infantil. Tamén fixo podio Marco Patiño cunha segunda posición en K1 cadete.

A clasificación final por equipos estivo liderada polo Club Deportivo Miño cun total de 157 puntos, seguido polo Club Piragüismo Penedo de Caldelas con 150 e o Club Tea de Mondariz con 130.

A próxima cita dos Teixugos será nas augas do Esla na localidade leonesa de Sabero, onde se celebrará a 3ª Copa de España de Slálom os días 28 e 29 de maio.

Acométense obras de saneamento dos barrios próximos ao núcleo urbano

A nova rede de alcantarillado daría servizo a 166 vivendas

O Concello de Tomiño leva adiante obras de saneamento dos barrios O Rexidouro, Camiño Novo, O Val, Pazos Lameira e Mosteiro, por un total de 857.018€, de fondos propios e plans da Deputación Provincial.

A intervención no núcleo urbano do Seixo, estase levando a cabo en cinco fases, que se completarán pasado o verán, dando servizo a 166 vivendas da zona.

Estas novas accións súmanse ás que se están a facer en Carregal de Abaixo, (200.000 €), barrio da Rocha (outros 200.000€) Está pendente ademais, a adquisición dun tractor especial, valorado en máis de 56.000 euros, para baleirado de foxas sépticas.

Deste xeito vaise completando a rede municipal de saneamento de Tomiño, co que significa dotar desta infraestrutura a un municipio caracterizado pola súa grande extensión (106 km²), 15 parroquias e 13.860 habitantes).

As prioridades deste goberno no tema de saneamento foron dúas: dotar de alcantarillado ás poboacións próximas ao casco urbano, coma a do barrio da Rocha, e zonas que non necesiten bombeo.

A alcaldesa lamenta a decisión do Goberno Autonómico do PP, de paralizar as obras do Treito 3 do Colector Xeral (con proxecto, permisos e dotación económica da Xunta do Bipartito), privando de saneamento a varias das parroquias máis populosas do concello, como Amorín, Carregal e Currás, que concentran preto de 3.000 habitantes.

Salienta a rexedora que despois de oito anos de goberno, a porcentaxe de vivendas con saneamento rolda xa o 60%, cifra que case triplica a porcentaxe realizada por gobernos anteriores (21%).

Asemade, o investimento en obras de saneamento, nas últimas dúas lexislaturas e no que vai desta terceira, achégase aos 6 millóns

O Concello inicia unha rolda de visitas ás traídas de auga para coñecer as súas necesidades

Os concelleiros de Obras e Saneamento, Fran Campo Lago, e de Medio Ambiente, María Xosé Vázquez, comezaron esta semana unha rolda de visitas ás comunidades de augas do Concello coa finalidade de coñecer as súas instalacións e escoitar de primeira man as súas necesidades.

Segundo explicou a concelleira de Medio Ambiente, “o obxectivo destas visitas é realizar unha planificación plurianual de axudas para influír na potabilización e mellora na calidade da auga de consumo humano”.



Obradoiros interxeracionais para as Letras Galegas en Tomiño

A tudense María Sánchez Diz gaña o concurso de deseño de camisetas con dúas propostas moi orixinais

Co gallo de fomentar a transmisión artística e de tradicións, o uso normalizado do galego, e en definitiva, promover a cultura da terra, o Concello de Tomiño, celebrará o Día das Letras Galegas, martes 17 de maio, cunha serie de actos, que comezarán ás 10.30h, na Praza do Seixo.

As persoas asistentes poderán mercar libros en galego cun 40% de desconto, grazas á unha subvención municipal que ten coma finalidade incentivar e promover a lectura en galego. Esta actividade realizárase en colaboración coa única librería de Tomiño.

Ás 12.30h a Agrupación Musical de Goián, ofrecerá un concerto conmemorativo.

Paralelamente, se impartirán diferentes obradoiros organizados polo grupo de voluntariado local:

OBRADOIRO INTERXERACIONAL. Participación do grupo de maiores do Centro de

Día; contarán contos en galego, ensinarán a lanzar buxainas (peóns), e interpretarán cancións en galego para a infancia e persoas adultas interesadas.

OBRADOIRO MUSICAL. Os voluntarios e voluntarias prepararán, utilizando diversos instrumentos, varias cancións para ser cantadas polas persoas participantes.

OBRADOIRO BÚSQUEDA DO TESOURO. Os grupos participantes terán que atopar e resolver pistas que estarán relacionadas coa lingua, tradicións, cultura galega e con Manuel María.

OBRADOIRO TRIVIAL CAMIÑO DE SANTIAGO-CULTURA GALEGA, con preguntas relacionadas coa cultura e lingua galegas, nosa xeografía e Manuel María en particular.

OBRADOIRO DE MARCAPÁXINAS (en horario de tarde, a partir das 17h).

Todas as persoas que participen nos obradoiros serán agasalladas cunha camiseta deseñada de xeito altruísta por unha usuaria do servizo: a tudense María Sán-



chez Diz, que realizou dúas propostas moi orixinais: unha para muller e outra para home.

A concelleira de Cultura, Cristina Martínez, salienta o papel clave das institucións

na transmisión das tradicións e valores. "Se non queremos que caian no esquecemento, debemos promover actividades relacionadas coa nosa lingua e cultura, para acadar a súa posta en valor", sinala.

Precintada a estación de servizo de Sobrada

Ovenres 13, o Concello de Tomiño viuse na obriga de precintar unha gasolinera ("Estación de Servizo España-Portugal"), situada en Torrón (Sobrada) nas marxes da estrada PO 552 (antiga N550), procedendo á execución dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), que ordena o cese da actividade e inicio dos trámites para a demolición das instalacións.

Os antecedentes da situación que desembocou no precinto das estacións de servizo, remóntanse ao ano 1998, cando ante denun-

cia dun particular, o TSXG anulou a licenza de obra e actividade, por omisión de certa documentación técnica no proxecto de obras, así coma a resolución da Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia pola que se autorizaba a construción das instalacións situadas na marxe da estrada provincial.

Despois de varias reclamacións e apelacións dos propietarios, no ano 2011, o TSXG ditou un Auto no que se declaraba non executada a sentenza e se ordenaba o cumprimento do cese da actividade e demolición.

Tras varios recursos, con data 6 de maio de 2016, o TSXG dita unha Providencia requirido ás administracións que ordenen o cese definitivo da actividade e inicio dos trámites de demolición. Sen máis opcións, o Concello procede ao precinto das instalacións.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, amosa a súa preocupación polos empregados e empregadas da empresa, que perden os seus postos de traballo, e agarda que aínda exista algunha posibilidade legal que permita chegar a unha solución.



A Asociación Deportiva Tomiño organiza o I Torneo Infantil "Día das Letras Galegas 2016-Manuel María"

Coincidindo coa festividade do Día das Letras Galegas, a AD Tomiño en colaboración co Concello, organiza un torneo de fútbol amigable, categoría infantil.

A competición contará coa participación dos equipos infantís Erizana CF, Gondomar FB, Sporting Guardés, CF Oienese, UD A Guía, ED Val Miñor, Racing Vilariño e os anfitriños, AD Tomiño.

Os encontros comezarán a disputarse ás 9.30 horas e se

estenderán ata as 21.00. Os equipos dividiranse en varios grupos, pasando os primeiros clasificados de cada un, ás roldas eliminatorias.

Jacobo Vázquez, coordinador deportivo da asociación, convida a afeccionados e público en xeral a aproveitar a xornada festiva para compartir co mellor fútbol base, e amosar deste xeito, que o deporte tamén ten cabida na celebración das Letras Galegas.



LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda bota a andar a “Escola de Maiores”



Tere Pérez, Concelleira de Benestar Social, Loli Castiñeira, Concelleira de Formación e Emprego, Marcos Besada, Alcalde de Salceda, Antonio Rivera, Presidente da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Salceda, Noelia e Rocío, xerentes de Edukatil, empresa encargada da actividade.

As Concellarías de Benestar Social e Formación do Concello de Salceda de Caselas, dirixidas por Tere Pérez e Loli Castiñeira respectivamente, xunto coa Asociación de Xubilados e Pensionistas do municipio, veñen de presentar a que será a primeira “Escola de Maiores” que se levará a cabo no Concello de Salceda.

Na Escola, os participantes adquiriran coñecementos de lingua e ortografía, cultura xeral, matemáticas e cálculo... con uns contidos que estarán continua-

mente adaptándose ao público ao que se destina esta actividade.

Dirixida ás persoas maiores do municipio, a Escola márcase como obxectivo primordial, ademais da transmisión de coñecementos aos participantes na actividade, sobre todo a integración, relación social, comunicación, mellora da calidade de vida e envellecemento activo dos mesmos, así como a oportunidade de desenvolver a súa creatividade, aptitudes e habilidades.

A Asociación de Xubilados e Pensionistas, da man do seu presidente Antonio Rivero, tíñalle trasladado en diversas ocasións ao Concello a necesidade de ofrecer un programa deste tipo, que agora se vai ver feito realidade. As clases iniciaranse nas vindeiras semanas, e realizaranse os venres pola tarde no CDL do Torrón. As Concelleiras informaron da apertura do prazo de inscrición e reserva de praza, que dará paso á posta en marcha da iniciativa.

O Concello de Salceda recibe a visita da Presidenta da Deputación de Pontevedra

Carmela Silva, Presidenta da Deputación de Pontevedra, realizou unha visita institucional ao Concello de Salceda de Caselas, onde foi recibida polo Alcalde, Marcos Besada, os concelleiros e concelleiras do grupo de goberno e representantes dos grupos da oposición.

Na reunión de traballo que a Presidenta mantivo co Equipo de Goberno repasáronse os proxectos solicitados polo Concello de Salceda dentro do Plan Concellos 2016, comprometéndose por parte da Presidenta da Deputación de Pontevedra a que nun prazo breve de tempo estarían todos eles aprobados.

O Alcalde aproveitou a xuntanza

para trasladarlle a necesidade urgente de que a Deputación acometa obras de mellora na estrada EP-2505 que une Salceda con Caldelas. A solución proposta é a construción dunha rotonda e beirarrúas que permitan ou garantan a seguridade dos peóns, tendo en conta a existencia no entorno do Parque da Gándara, as Piscinas Municipais, o Campo de Fútbol, a área de autocaravanas e a Senda do Río Landres, o que provoca un elevado tránsito de persoas e vehículos. Así mesmo, o Alcalde lembroulle tamén á Presidenta a necesidade de solucionar o punto negro existente na estrada EP-2503, á altura do barrio da Lomba (Budiño).



MOS

Comeza a campaña de detección do cancro de mama

A concelleira de Política Social mosense, Sara Cebreiro, informou hoxe de que todas

as veciñas de Mos con idades comprendidas entre os 50 e 69 anos, ambas incluídas, teñen a oportunidade de realizar unha mamografía gratuíta gracias ó Programa Galego de Detección Precoz de Cancro de Mama.

Dito programa foi posto en marcha pola consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en colaboración coa Asociación Española

contra o Cancro, AECC, e xustamente hoxe inicia a súa campaña no Concello de Mos.

As mamografías faranse na Unidade Fixa de Exploración, ubicada na Casa do Mar, en Beiramar 51, segunda planta, en Vigo. Mediante unha carta comunicaráselles ás beneficiarias o día e hora que teñen que acudir, pero se alguna mosense no rango de idade antes indicado non recibise a no-

tificación pode chamar ó teléfono 981141414 para concertar a súa cita.

A edil Sara Cebreiro anima ás mulleres de Mos a participar neste programa “xa que anticiparse e previr pode salvar vidas e é moi importante a prevención en determinadas enfermidades coma é o caso do cancro de mama”, declarou a concelleira mosense.

Pizzeria D'Camilo

V.P. Vidal, 25
Salceda de Caselas
Telf.: 986 34 06 61

Estación de Servicio As Neves
N.º 34.628

C/ Laredo 7, As Neves - Pontevedra
Email: e.s.asneves@hotmail.com
Teléfono: 986 648 091

Lavado y aspirado a mano

Repuestos para vehículos (Filtros, aceites, etc)
Mecánica rápida y cambios de aceite

O Goberno Municipal urxe a PP e PSOE a Aprobación Inicial do PXOM para "salvar" a nova Lei do Solo

Advirte das graves consecuencias económicas e de prazos que perxudican aos veciños e veciñas de Salceda.

O Goberno municipal de Movemento Salceda afirma que o PP e o PSOE de Salceda teñen que escoller: ou parar cos traballos do PXOM e deixalo morrer, ou continuar cunha mínima lealtade e "sentidiño". O Goberno Municipal espera que desta vez a oposición tome a decisión mellor para o pobo de Salceda, xa que urxe a Aprobación Inicial do PXOM para continuar cos traballos entre todos e todas.

Lembran dende o Goberno Municipal que o Documento do PXOM de Salceda aínda non foi aprobado inicialmente, e está en grave perigo coa aprobación este martes 9 de Febreiro da nova Lei do Solo, xa que todo o traballo feito nestes anos pode ser baldío. A nova Lei, no caso de Salceda, obrigaría a comezar

a tramitación dende o principio.

A adaptación á nova Lei do Solo de Galicia pode supor ademais a Rescisión do Contrato da empresa redactora Consultora Galega e a paralización definitiva do proceso, de feito, Consultora Galega xa advertiu que nin a adaptación á nova Lei, nin o proceso de "suxerencias" das últimas semanas estaba nos Pregos nin no Contrato asinado.

Proba da importancia do momento en que se atopa o PXOM de Salceda é que moitos Concellos están apurando nas últimas semanas as Aprobacións Iniciais e Provisionais dos seus documentos (Ponteareas, Mos, Soutomaior) para escapar das negativas consecuencias da Lei.

Todos os Grupos do Parlamento pactaron unha Disposi-

ción Final para que, por primeira vez na historia, a nova Lei entre en vigor 1 mes despois da súa saída no Diario Oficial de Galicia (DOGA), pensado precisamente para conceder tempo a Concellos como Salceda, O Rosal, Vilaboa ou Catoira, para que así poidan facer as Aprobacións Iniciais.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda, afirma que "urxe aprobar inicialmente o PXOM e abrir un período de Exposición Pública que pactemos (os 2 meses da Lei... máis os que decidamos), para que os veciños e veciñas e propietarios/as poidan facer as Alegacións que correspondan coa máxima transparencia e seguridade xurídica. Tempo teremos para cambiar o que haxa que cambiar: primeiro hai que SALVAR o traballo feito, e GARANTIR o futuro do proceso."



IX andaina Concello de Salceda

O vindeiro sábado 21 de maio, o Salceda de Case-las acollerá a novena edición da andaina "Concello de Salceda", incluída na Copa Galega de Andainas. A proba, organizada polo Centro Cultural O Coto de Budiño, en colaboración co Concello de Salceda, ofrece dúas alternativas de participación, podendo elixir entre 27 ou 50 km. A saída realizarase dende o centro cultural ás 9:00, na parroquia de San Estevo de Budiño, e percorrerá diversos puntos do entorno natural do municipio, destacando as sendas e as áreas de lecer.

Para poder participar na andaina, é preciso inscribirse a través da páxina web www.aforna.org, abonando un prezo de 10 € para os socios e/ou federados e 12 para os non socios e/ou non federados. O prezo inclúe os diferentes avituallamentos que se disporán ao longo do percorrido, así como o xantar final no centro cultural.

As previsións, en base aos anos anteriores, son de que centos de persoas se acheguen a participar nesta proba, que ademais da xeografía natural do Concello de Salceda, pasará tamén por puntos dos Concellos veciños de Tui, Porriño e Salvaterra. Estamos a falar dunha andaina coas mellores críticas tanto a nivel organización como a nivel de interese natural e de elección de percorrido. Esta edición incluírá novos tramos de grande interese natural.

Manuel Fernández Ramírez, máximo responsable do evento, agradeceu a enorme participación e a deportividade amosada polos participantes nas edicións anteriores. "O bo funcionamento da proba ata o de agora fai que cada ano a preparemos con máis adicación e máis ganas. Estamos seguros de que a andaina preparada para este ano non vai defraudar aos participantes que se animen a realizala".



Restaurante O'Rianxo
 Algo diferente no Condado
 Novo local



Terraza de verano interior
 Ctra. N-120
 Vilasobroso - Mondariz
 GALICIA - ESPAÑA
 Telf.: +34 986 654 434

ElectroGranxa
 ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO

Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com

www.electrogranxa.com



Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 259 - Nave 3, 36400 PORRIÑO - Pontevedra

LOURIÑA

O PORRIÑO

O Porriño impulsa proxectos europeos de formación

O goberno local impulsará e coordinará proxectos de formación dos que se beneficiarán estudantes do Porriño, Mos, Salceda, Salvaterra, Ponteareas e Tui

O Concello do Porriño, por medio da Concellería de Educación, que dirixe Lourdes Moure, impulsará, contando coa experiencia de Amador Ordoñez, coordinador de proxectos europeos do IES Ribeira do Louro, 'A Game for promoting entrepreneurship across European Schools', un proxecto que será presentado dentro do Programa Erasmus+ Asociacións Estratéxicas, Educación Escolar, e que ten coma obxectivo impulsar o concepto de emprendimento entre os alumnos de distintos niveis educativos, optando a fondos europeos para poder levar adiante os seus obxectivos.

O primeiro deles é a creación dunha Plataforma on line para promover nos centros de formación, e para traballar conxuntamente, a nivel europeo, dando pulo á idea de emprendedor entre as alumnas e alumnos, poñendo en man dos centros unha ferramenta que facilite esta labor mediante a formación de profesores e estudantes.

Os alumnos terán unha visión

máis crara da realidade actual do mundo da empresa, en especial coñecendo que sectores están a medrar, atopar ocos de mercado, coñecer as novas estratexias empresariais ou o estado da globalización do mercado, de xeito que, por medio de ideas en común, experiencias e ideas conxuntas de cada un dos socios que participan nesta Plataforma, conquistar unha visión máis real do que debe de ser unha empresa na actualidade.

O proxecto, coordinado polo Concello do Porriño, estará integrado polo IES Ribeira do Louro, o Dacorum Council for Voluntary Service, do Reino Unido, Atenea, de Portugal, University of Business and Enterprise, de Polonia e Magestil - Escola Profissional de Portugal.

O vindeiro martes, día 10, no Restaurante Manolo, haberá unha primeira xornada para falar sobre proxectos europeos, que segundo a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, "teñen unha importancia estratéxica"

para o goberno local, na que estarán presentes, ademais da propia rexedora e a concelleira de Educación, representantes dos equipos directivos de centros de infantil, primaria e secundaria, que abrangue Formación Profesional, de Porriño, Mos, Salceda, Salvaterra, Ponteareas e Tui.

A idea final é a creación dunha rede de colaboración entre os centros, atraendo aos concelleiros de Educación destes concellos para conquistar proxectos europeos, unha xestión moi complexa que, como se viu na experiencia doutros países, como Suecia, só é factible creando 'consorcios' formados por centros, o que podería denominarse como 'escolas de escolas', que permitan optar aos devanditos fondos europeos de formación.

O primeiro paso pasaría polo tecido desta rede a nivel dos concellos sinalados, aproveitando as súas sinerxías e a experiencia de máis de 20 anos que ten o IES Ribeira do Louro na xestión de proxectos a nivel europeo. Na xuntanza se explicará como funcionan os programas, como optar a eles e cómo poden aproveitarse dos mesmos tantos os alumnos destes centros públicos, como os seus profesores.

O Concelleiro de Deportes fai entrega do material deportivo asignado pola Deputación aos clubs do Porriño

O alcalde accidental e concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, fixo entrega este venres, aos clubs que fixeron a correspondente solicitude, do material deportivo asignado pola Deputación de Pontevedra a entidades deportivas e clubs federados radicados en concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes.

Manuel Carrera entregou á

Asociación Cultural de Atios un total de 50 balóns de fútbol, 60 petos e dúas redes. Pola súa banda, o Porriño Baloncesto Base recibiu 20 balóns de baloncesto, 10 bandas elásticas, 20 conos, 20 cordas de salto, 20 esteiras, 40 petos, 20 picas e 10 redes. Por último, o Porriño Industrial recolleu 50 balóns, 20 conos, 60 petos, 30 picas e 4 redes de fútbol.



O PORRIÑO

O Concello mellora o acceso a Orbenlle



O concelleiro de Vías e Obras e tenente de alcalde do Porriño, Manuel Carrera, ven de impulsar o inicio dunha obra de urxencia na estrada de acceso ao barrio de Orbenlle que, en conxunto, abrangue unha superficie de uns 3.500 metros cadrados, 150 metros lineais que, sinala o concelleiro “levaba 30 anos sen asfaltar”.

A zona, subliña Carrera, estaba “intransitábel”, maila a ser de paso diario de centos de camiões e vehículos que chegan ao Polígono de A Granxa e o barrio de Orbenlle.

As obras de mellora, que em-

pezaron o venres pasado, e que estarán rematadas esta mesma semana, engadirán unha cuneta en formigón, sinalización horizontal e vertical, unha faixa de 1,80 metros de ancho destinada a paso de peóns e 11 novos puntos de luz, que eran outras das máis reiteradas reivindicacións dos veciños, no so deste barrio senón de toda a parroquia de Budiño.

Manuel Carrera, quen lembra que o adecentamento deste treito “foi a última petición que me fixo o ex alcalde Barros antes do seu falecemento”, sinala a importancia da colaboración da Comunidade de Montes de Bu-

diño, que está facendo un importante traballo de desborde, para recuperar un lugar do Porriño, de “alto valor natural”, especialmente ornitolóxico, que ata o da gora “estaba moi abandonado e esquecido”.

O tenente de alcalde agradece a labor dun grupo de voluntarios, as que acompañou o domingo pasado, e que nos últimos meses axudaron a derrubar o Centro de Interpretación da Natureza, “que estaba xa moi deteriorado”, e a facer unha importante plantación de árbores autóctonas que contribuirá á recuperación para as veciñas e veciños dun hábitat único.

O Porriño organiza novos cursos para desempregados

A Concellería de Emprego, que dirixe Soledad Girón, ven de poñer en marcha varias accións formativas dirixidas a veciñas e veciños empadroados no Porriño e que se atopan en situación de desemprego. A concelleira, subliña que estes cursos teñen como “obxectivo esencial e fundamental contribuir á volta ao mercado laboral” mediante o coñecemento de novas habilidades demandadas polos empregadores ou que poden constituir un oco de mercado á hora de crear unha empresa.

A actividade formativa, que é constante, abrangue un curso de Fibras Ópticas, outro de CNC, para torneiros fresadores, “que se realizará tendo en conta a dispoñibilidade das empresas” que demandan este persoal, un de Manipulador, dous cursos de Alérxenos, un de Motivación, “que responde a unha demanda

de emprego” e, nos vindeiros días, convocarase un de Maquillaxe e Perruquería, aproveitando a aula específica, que estará enfocada ao eido artístico. Ademais, nas vindeiras datas, a Concellería de Emprego abrirá o prazo, “con moito tempo”, para un curso de Drones.

Soledad Girón indica que, así mesmo, o Concello ven de optar a varios obradoiros convocados pola Xunta, un deles para Forestal, que se impartiría no Louro, outro de Atención Sociocultural, no Centro de Torneiros e dous de Albanelería e Xardinería, que se impartirían na Escola de Covelo.

A totalidade dos cursos, para os cales a inscrición estará aberta do día 16 de maio ao 3 de xuño, son de balde e, como se sinala nas bases dos mesmos, están organizados para persoas empadroadas no Porriño, maiores de idade e anotadas nas oficinas de emprego da vila.



O Porriño organiza actos polo Día do Celíaco

A Concellería de Educación do Concello do Porriño, que dirixe Lourdes Moure, organiza, coincidindo co Día Nacional do Celíaco, unha serie de actividades que “teñen com obxectivo informar á sociedade sobre esta doenza e cómo levar unha dieta sen glute”.

Porén, o Concello impulsa o vindeiro mércores, día 18 de maio, no Centro Cultural, unha charla a cargo da presidenta da Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA), Maite García. Esa mesma data, haberá unha degustación de produtos aptos para celíacos co colaboración das dietéticas do Porriño 'Dietasana', 'Mímate' e 'Soria Natural'.

Finalmente, o venres 27, no balcón do Concello, ondeará a bandeira co lema do 'Día Nacional do Celíaco'.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Programa Cultural e das Letras



Concello do Porriño

**PROGR
MACIÓN
CULTUR
ALMAIO**

+ info en www.ecultura.net

A túa biblioteca é +

biblioteca municipal do porriño

Grupos de conversación en inglés
3/10/24/31 de maio • De 19:00 a 20:00 h. / Requírese inscrición previa

Obradoiro de alfabetización dixital para persoas adultas.
Nivel iniciación
4/11/18/25 de maio • De 10:00 a 11:00 h. / Requírese inscrición previa

Lúa ConLuvas
5/12/19/26 de maio • Ás 18:30 h.

Obradoiro de iniciación a fotografía dixital
6/13 de maio • De 17:00 a 21:00 h. / Requírese inscrición previa

Clube de lectura de adultos/as
9/23 de maio • De 19:00 a 20:00 h. / Requírese inscrición previa

Clube de lectura de infantil
13/27 de maio • De 18:00 a 19:30 h. / Requírese inscrición previa

Obradoiro de poesía visual
Do 2 ao 6 de maio • Nos centros educativos do Porriño
Colabora o Concello do Porriño e os centros educativos

Encontro de cantareiras/ros do Porriño
5 de maio • Ás 17:30 h. • Praza Arq. Antonio Palacios
Cantareiras Centro de Día Navuxil e Centro de Día de Torneiros
5 de maio • Ás 20:00 h. • Praza Arq. Antonio Palacios
Asociacións culturais, veciñais e parroquiais do Porriño

Estructuras de maíos
5 de maio • Ás 20:00 h. • Praza Arq. Antonio Palacios
Asociacións culturais, veciñais e parroquiais do Porriño; Centro Afaga, Centro de Día de Torneiros, Centro de Día Navuxil e Centro Sociocomunitario; CEIP de Atios, CEIP Ribeira e Aceesca

Encontro de gaiteiros/as, asociacións culturais e veciñais do Porriño + Grupo folk convidado: Airiños da Peneda do Viso
6 de maio • Ás 20:00 h. • Praza Arq. Antonio Palacios

Teatro. Balor na acción dunha cadeira
7 de maio • Ás 20:00 h. • Centro Cultural Municipal do Porriño
Compañía: ARTESA.CÍA


Serán. Cantareiras Fonteliño + Pandereteiras Cheira a Gható
7 de maio • Ás 23:00 h. • Praza de San Sebastián
Colabora o Concello do Porriño

Festa gastronómica dos Cachos
8 de maio • A partir das 12:00 h. • Cristo dos Cachos
Colabora o Concello do Porriño, a Asociación de Hosteleiros do Porriño e a Asociación Vecinal San Benito e San Sebastián

Feira do libro de Galicia + Animación de rúa
Do 12 ao 15 de maio • Todo o día • Rúa Ramón González (peonil)

Banda de Música Municipal do Porriño
12 de maio • Ás 19:30 h. • Praza Arq. Antonio Palacios
Inauguración da Feira do libro de Galicia

Galegas do Porriño, 2016



LOURIÑA

O PORRIÑO

O 4 de xuño celébrase a 1ª Festa do Pan do Porriño

O Pan do Porriño terá a súa propia xornada festiva. Será o vindeiro sábado 4 de xuño cando se celebre a 1ª Festa de Exaltación do Pan do Porriño. A Asociación de Comerciantes e Industriais do Porriño (Acipor) na que se integran varios panadeiros organizará o evento, en colaboración co Concello, co obxectivo de dar a coñecer unha dos sinais de identidade do municipio do Val da Louriña, consolidando o produto dentro e fóra da vila e potenciando así a marca Porriño.

Actualmente son sete as panaderías que integran o proxecto de creación dunha marca de calidade propia, con todo espérase que se

vaian unindo máis a medida que se vai avanzando no proceso de definición do Regulamento do Pan do Porriño. O obxectivo a curto prazo é constituír un consello regulador local e xa logo, o reto centraríase en conseguir a Identificación Xeográfica Protexida, como o ten o pan de Cea.

Todo este procedemento iniciouse hai anos coa creación dunha asociación local de panadeiros, pero quedou estancado ata o pasado setembro, cando por iniciativa de Acipor volveu impulsarse e dar forza á idea inicial.

A festa contempla a instalación de postos de cada un dos panadeiros locais e un apartado de

maridaxe no cal se presentarán oito produtos artesáns e tradicionais propios de municipios da zona que fan unha boa combinación co pan. Trátase do queixo, o chocolate, a marmelada, o mel, o aceite, os embutidos, a lamprea e o requeixo. Ademais, tamén se celebrará un "showcooking" no que se compaxinarán os diferentes produtos, enfocando o pan cara á alta cociña.

Tamén habería unha parte reservada a "obradoiro de elaboración de pan", unha sesión de nutrición sobre o pan como parte dunha dieta saudable e incorporaría a hostalería local con receitas co pan de Porriño.



Cata a cegas de expertos no Porriño

Catorce expertos, representantes de empresas e persoas vinculadas ao mundo do pan, participaron nunha cata de Pan do Porriño organizada por ACIPOR e aportado polas 7 panaderías que participan no proceso do Regulamento do Pan do Porriño.

Esta cata a cegas, tivo como obxectivo definir catro aspectos principais do pan, os aspectos visuais, olfativos, texturas e o sabor. Estes datos servirán para axudar a definir a identidade do Pan do Porriño que logo se plas-

mará no Regulamento do Certificado do Pan do Porriño. Durante máis dunha hora, os participantes na cata puideron valorar nun cuestionario aspectos como o alveolado, o aroma, a textura a tonalidade ou a propia forma do pan.

Ademais dos Mestres panadeiros das panaderías Amaquía, Chinchina, Argibay, Progreso, Troca, Torneiros e La Estrella, participaron Lucía González Vaqueiro (directora adxunta Comercial de Harinas e Sémolas do Noreste, HASENOSA), Jose Anto-

nio González (do bar Paso a Nivel), Marta Rodal (da Escola de Cociña XogodaOla), e as porriñesas Felisa Quintas Pérez, Maria del Carmen Escudero, Juana Pérez (Presidenta de ACIPOR) e Jose Carlos Pazo. Por parte do Concello participou tamén a Concelleira de Benestar Social, Formación e Emprego, Maria Soledad Girón, que destacou o compromiso do Concello co apoio ao proceso de impulso do Pan do Porriño, que se materializará na Iª Festa do Pan do Porriño que se celebrará o vindeiro sábado 4 de Xuño.



Dende 1905 traballamos
pola educación en Pontearreas

La Inmaculada

COLEXIO PLURILINGÜE

R/ Amado Garra, 2 - Tlf. 986 640 065
www.colexioinmaculada.com

FARELO DAS LETRAS

FUCO PRADO



HORTAS



XOSE MANUEL



LETRAS GALEGAS 2016

Manuel María, poeta grande do Povo Galego

por Ramón Coira Luaces

Deixamos morrer a fala,
esquecemos o pasado.
E hai quen di que Galiza
moito leva progresado!
(Manuel María)

Nace en 1929 nunha familia labrega acomodada de Outeiro de Rei, Lugo. A súa casa familiar, a casa de hortas, será moi querida polo poeta, que lle dedica algún poema. E hoxe é a casa-museo, que debedes visitar. Nós pasamos, a casa permanece, di el. Nesta casa estivo Anxel Fole, Novoneyra, Díaz Castro, Xosé Lois, Xosé Estévez, Blanco Amor... e conserva as pertenzas e os libros do grande poeta da Galiza. A casa -erguida por obra dos avós- é fermosa e firme.

A súa infancia transcorre na Terra Cha, entre a II República, a Guerra Civil e a dura póstguerra. Aínda así Manuel María non sufriu directamente as consecuencias do conflito, pois o seu pai foi alcalde de Outeiro de Rei até 1943. Segundo o seu fillo, era bo, paciente, sinxelo, tolerante e preocupábase com os asuntos do concello. O pai morre prematuramente e, despois, o fillo Jesús María, vítima dun atropelo, o que os sumiu nunha fonda tristura. A nai representa para o fillo a tradición, a interlocución cos devanceiros da terra, a loita contra a preguiza, a fame e a pobreza. Delegará no tío paterno, o cura don José, a responsabilidade da formación

e estudos do pequeno Manuel María. Nas súas propias palabras, a infancia é a súa patria verdadeira, o seu paradiso perdido, que recordará nalgúns poemas. No verán ían a Coruña, onde ficou engaiolado polo monumento de Francisco Asorey a outro grande das letras galegas: o poeta Curros

pecial, a Rafael Alberti. O mozo, cheo de ilusións e soños, vive un tempo gris de amedrentamento relixioso, derrota das liberdades e vitoria do medo e da imposición fascista; de censura e silencio autoimposto polos escritores que sobreviviran. Mais nas tertulias, Manuel María re-

con Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos.

Animado polo seu amigo Celso Emilio Ferreiro, prepara o concurso de procurador dos tribunais, que aproba en 1957, sendo destinado ao xulgado de Monforte de Lemos, onde abrirá una librería e pe-



XOSE MANUEL

O GALEGO ESTÁ
EN NÓS,
MIRADE BEN.



Enríquez. O primeiro desencontro procede da escola, institución programada pola ditadura franquista para a alienación e colonización das novas xaracións galegas, negadora da lingua galega como medio de comunicación. O mestre, Domingo Cabana, amigo e veciño, abandona na escola a lingua habitual entre eles, o que acovarda ao mozo Manuel María e o sume na inseguridade, marcándoo para sempre.

No ano 1940 descobre na nova escola de Rábade a literatura galega. As clases dos sábados á tarde, o mestre Xoán Bautista Núñez Varela dedicábaas a ler un conto ou un poema en galego e así foi como coñeceu a Rosalía de Castro. Con trece anos ingresa no instituto masculino de Lugo, hoxe Lucus Augusti. O seu tío e os Maristas póneno en contacto coa Biblia, a teoloxía, a filosofía e a literatura españolas: Ancipreste de Hita, frei Luís de León, Lope de Vega, Góngora, Bécquer ou Rubén Darío. É de resaltar tamén a atención e estímulo que lle presta aos seus primeiros poemas o xornaleiro da casa Manuel de Paderna, quen lle obsequiaba cun cigarro enteiro ou medio, en función da calidade das rimas dos seus primeiros poemas.

Da man do mestre Lázaro Montero, coñece a Xeración do 27 española e, en es-

cibiu memoria galega. Con dezanove anos publica Muíño de brétemas e debuta como conferenciante, falando sobre Juan Ramón Jiménez. Trata a Luis Pimentel, entre outros e, con moitas dificultades, consegue ir publicando poemas e libros en galego: en pequenas editoriais, no estranxeiro,... Aínda que el gustaría de estudar Filosofía e Letras, por presión do seu tío, comeza a estudar Dereito en Santiago de Compostela.

Cando fixo o servizo militar coincidiu co poeta do Courel, Uxío Novoneyra, co que compartiría arelas e proxectos nunha vida de amizade. Publica Morrendo a cada intre, Terra Cha, Advento, Libro das cantigas,... Fai tertulias con Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e Carlos Maside, afirmándose cada vez máis nos postulados galeguistas e marxistas, por influencia -estos últimos- do pintor Carlos Maside, o que o confrontaba con Piñeiro, García Sabell e Bouza Brey. As tertulias eran os únicos foros de debate non controlados polo franquismo. O 25 de xullo asiste en Compostela á misa de Rosalía de Castro, o único acto galeguista permitido polo Régime. Pola súa obra Libro de pregos recibe o Premio Pondal de Poesía, concedido polo Centro galego de Buenos Aires. Participa en numerosos certames, concursos e recitais

quena editorial coa súa esposa Saleta. Alí, nunha pequena mesa redonda pasaba horas e horas a escribir. O país, as clases populares máis desfavorecidas, a defensa do idioma galego (á que lle dedica numerosos poemas), a arte, a historia galega, a relixión, o mundo animal e vexetal, os traballos agrarios, o amor a súa compañeira Saleta,... son os temas recorrentes da súa obra, que foi tirando adiante con moitas dificultades, por causa do ambiente de deserto cultural, ocasionado polo exilio forzado de boa parte da intelectualidade galega e pola censura de un réxime hostil ás culturas e identidades periféricas.

Manuel María, grande coñecedor da cultura popular e da cultura galega, pronuncia numerosas conferencias, pregóns nas festas populares, participa en recitais, asina libros,... e no 1959 casa con Saleta Goi García, que proviña dunha familia republicana. Comeza tamén a dar clases de literatura na monfortina Academia Balmes, sendo un dos seus alumnos Lois Diéguez. En 1963 fúndase a UPG e el incorpórase pouco despois da súa fundación, colaborando na área de cultura. Publica novas obras, ensaios, artigos xornalísticos, ... É acosado pola policía franquista, multado en varias ocasións, detido, censurado,

...ven da páxina anterior

mais Manuel María segue adiante co seu labor. A revista Grial publicalle dúas novelas curtas. Con A luz non volve atrás gaña unha mención no I Premio Castelao de Teatro Galego. Nun poema acusa á clase media de traidora a Galiza e ao povo galego, de trafegar coa fame e a miseria, de bicarlle os pés aos poderosos, de ser servil, de imitar as modas de Madrid e de intentar borrar o idioma galego. Por causa das dificultades editoriais, funda a editorial "Xistral". No poema "Canción para cantar tódolos días" defende a lingua galega con paixón. O poema será censurado e tamén traducido a numerosas linguas. Despois do recital de Raimon en Santiago de 1967, Manuel María escribe en Grial un artigo de título: "Raimon, un poeta do noso tempo", no que lle fai un recoñecemento a este poeta que recolle na súa voz as inquietudes e problemas do povo.

Publica Versos pra un país de minifun-

dios, Os soños na gaiola (para o público infantil), As rúas do vento ceibe, Laio e clamor pola Bretaña, Ritual para unha tribo capital de concello, entre outras. Os seus poemas son cantados por numerosos artistas: Suso Vaamonde, María Manuela, Fuxan os Ventos, Uxía, Magín Blanco, A Quenlla, A tribo incomprensíbel,... Nas primeiras eleccións democráticas preséntase na candidatura do BN-PG. Reciben chamadas telefónicas ameazantes e insultos, son detidos, poénlles un garda na porta, fanlles campañas de desprestixio, rexístranlles o apartamento. Porén a súa actividade e compromiso políticos non minguarán. Escrebe:

*Hai que loitar, irmáns e compañeiros,
para traer a luz, a liberdade,
a Primavera.*

Entra, sae e volve entrar na Real Academia Galega. En total publica 47 libros. É traducido ao éuscaro, ao catalán,

ao bretón, ao flamengo, ao húngaro, ao francés, ao ruso, ao portugués, ao ruso, ao holandés e ao español. As presións políticas e o seu compromiso persoal seguramente están detrás das súas dificultades para publicar. Participa na Asociación Sociopedagóxica Galega e na Asociación de Escritores en Lingua Galega. Gustáballe tamén participar nos Galeuscas cos escritores de Euskal Herria e Países Cataláns para coñecer as súas culturas e literaturas. Admira a Miguel Torga e viaxa por Portugal e por outros países. Encabeza a lista para o Senado polo BNG por Lugo. Percorre o país dando charlas e recitais, participa en encontros con escritores galegos e brasileiros. Gosta do viño e do tabaco, de conversar e de viaxar. E ás veces pásalle o que a outros nacionalistas: síntese un forasteiro no seu propio país, por causa da colonización lingüística e cultural. Colabora coa Mesa pola Normalización lingüística e

coa Plataforma Nunca Máis. Deixa a súa militancia política, discretamente; no entanto, sempre que pode acude a Compostela o Día da Patria Galega. Recibe numerosos recoñecementos en vida e falece no 2004 na Coruña. Este ano dedícase o Día das Letras Galegas, merecida homenaxe que celebramos as persoas que amamos a boa literatura e a este país. E remato, como comecei, cuns versos seus:

*Hai que defender o idioma como sexa:
con raiba, con furor, a metrallazos.
Hai que defender a fala en loita rexa
con tanques, avións e a puñetazos.*

MERCEDES QUEIXAS ZAS: "Labrego con algo de poeta". Galaxia, 2016

MANUEL VEIGA TABOADA: "Manuel María, buscando un país". Xerais, 2016

CAMILO GÓMEZ TORRES "Manuel María e o seu tempo" Caderno 39 da Historia da Literatura Galega.

Pepe Velo, galeguista e loitador

Xosé Antonio Velo Mosquera nace en 1916 en Celanova, no seo dunha familia acomodada. O seu pai tiña unha tenda de tecidos e foi alcalde e representante de Celanova na Deputación de Ourense. Estudou Filosofía e Letras en Santiago de Compostela. Fíxose militante das mocidades galeguistas. E foi mobilizado polo bando "nacional" na Guerra Civil. Ao rematar a contenda, da clase nunha academia de Celanova e, por mor dos atropelos que sofre, trasládase a Vigo, onde abre un colexio e da clases de matemáticas. Colabora con grupos da resistencia antifranquista e é detido en varias ocasións. En 1944 é encarcerado na Coruña, sendo liberado en 1945 pola Amnistía dese ano. En 1948 foxe a Portugal e despois a Caracas, onde en 1949 abre unha academia. Entrou en contacto con exiliados galegos, portugueses e españois e con eles funda o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación.

En 1961, baixo o seu mando, dúas dúcias de galegos, portugueses e españois secuestran o buque Santa María que partira de Caracas e Coração. Non querían ser terroristas nin que isto desembocase nunha acción terrorista. A nave era de bandeira portuguesa e foi tomada en augas internacionais, nunha operación que chamaron "Dulcinea". Levaba case 600 pasaxeiros, a maioría españois e portugueses, mais tamén había venezolanos, norteamericanos e doutras nacionalidades. Xunto coa tripulación facían un total de case mil persoas. Os asaltantes fixéronse pasar por pasaxeiros e no asalto, na noite do 21 ao 22 de Xaneiro, perece un tripulante e hai varios feridos. O seu lema era: liberdade, xustiza ou morte.

Desde os medios oficiais de Portugal e España, chámamlles piratas. Mais eles non rouban nada e ordenáronlle ao capitán do

Santa María que levantase acta das contas existentes na caixa de caudais. O exilio republicano solidarízase con eles e a prensa internacional di que se trata dun acto político e non de piratería. O buque é localizado pola VI frota americana, que non o asalta. Aos doce días, o 2 de Febreiro, desembarcan en Recife (Brasil) os pasaxeiros e entregan a nave ás autoridades brasileiras. E os asaltantes reciben asilo político en Brasil.

Pepe Velo escribiu tamén poesía e publicou artigos e poemas en varias revistas. Nun poema escribe que el é "un galego de alma, coa patria prohibida polos donos da verdade". En 1971 fundou a revista "Paraíso 7 días". E en 1972 falece en São Paulo.

O día 21 deste mes, teño entendido que inauguraran unha exposición sobre el na Casa dos Poetas de Celanova, que seguro paga a pena visitar.



NOVAS DA RAIA



Os Concellos do Miño e a Deputación seguirán o modelo do río Danubio para formar un novo organismo de cooperación transfronteiriza

A Deputación de Pontevedra e os 16 concellos do Baixo Miño e Condado-Paradanta van poñer en marcha unha nova Asociación Europea de Cooperación Territorial (AECT) tomando como modelo o grupo interrexional do Río Danubio, que reúne a dez países para potenciar o territorio do río centroeuropeo. Así o acordaron hoxe nunha reunión na que o deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, explicou o traballo feito nos últimos meses para poñer a andar o novo organismo galego portugués. Nas vindeiras semanas os gobernos locais da provincia deberán subscribir un documento de adhesión á nova entidade, cuxa finalidade é servir de ferramenta para reforzar a cohesión económica, social e territorial do contorno do Río Miño e xestionar de forma directa as solicitudes de fondos europeos. O nome da nova asociación, que agrupa tamén a dez cámaras do Norte de Portugal, será AECT Río Miño.

No encontro cos rexedores a presidenta da Deputación, Carmela Silva, ao igual que Benítez, destacou que o territorio do

Miño ten grandes potencialidades, polo que "xa é hora de pasar das ideas aos feitos e dos proxectos á realidade". Neste sentido subliñou que a nova AECT será unha fórmula para traballar cos concellos dende a Deputación, "posto que este é un dos grandes proxectos da institución provincial a poñer en marcha".

O deputado Uxío Benítez, impulsor da iniciativa, explicou que a nova AECT Río Miño será unha entidade con personalidade xurídica que permitirá xestionar fondos europeos, promover e organizar accións de cooperación do territorio de forma directa, así como servir de foro estable sobre o río Miño, no que a día de hoxe están implicadas moitas administracións. "Hoxendía teñen cousas que dicir sobre o noso territorio Augas de Galiza, a Comandancia de Marina, Costas... hai unha grande confusión administrativa e este novo organismo poderá coordinar, a través dunha estrutura con poder de decisión, aquelas actuacións de interese para Miño. Queremos derrubar as barreiras administrativas para facer actuacións conxuntas unindo os dous lados desa fron-

teira artificial que nos separa", subliñou o nacionalista.

O deputado explicou que os dous socios principais da AECT serán a Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho, entes baixo os que se reúnen 16 concellos pontevedreses (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño, Tui, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra, Pontearreas, As Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Arbo, Crecente, A Cañiza e Covelo) e outros dez do Norte de Portugal. En total abranguense 3.312 quilómetros cadrados de territorio e 375.995 habitantes. "O eixo do proxecto é o río Miño, pero os concellos teñen liberdade para sumarse ou non. A autonomía municipal é total e os que estean interesados deben asinar a súa carta de adhesión", explicou.

En canto ao organigrama, a nova AECT estará formada por unha asemblea e un órgano executivo. A dirección será un organismo unipersonal rotatorio que ocuparán representantes de Pontevedra e Portugal cada dous anos, ao igual que ocorrerá coa vicedirección. Tamén haberá un Consello Coordinador, formado

por membros das dúas partes, que será o encargado de asesorar á dirección e da xestión do día a día. Finalmente, haberá un Consello Consultivo aberto no que se organizarán foros específicos nos que poderán participar expertos en diferentes materias segundo as necesidades. "Queremos abrir a AECT á sociedade, polo que se hai que tratar un tema de pesca no Miño, poderemos dar voz aos pescadores, á Comandancia ou a outros colectivos implicados... Ao igual que se hai que tratar unha cuestión patrimonial poderemos convidar a historiadores ou técnicos especialistas na materia que poderán dar a súa visión da situación", explicou Benítez.

Os prazos para materializar a nova asociación de colaboración transfronteiriza entre Pontevedra e o Norte de Portugal vanse cumprindo en tempo e forma. Unha vez os concellos remitan á Deputación as súas adhesións, o Pleno provincial aprobará os estatutos e un convenio de colaboración coa parte portuguesa. Logo remitirase a proposta de creación ao Goberno central para informe e, se pasados seis meses

non hai contestación, o silencio administrativo permitirá seguir adiante. Como derradeiros pasos publicarase a resolución nos diarios oficiais e formalizarase un acto de constitución.

A AECT Río Miño parte cun orzamento de 60.000 euros (aportados ao 50% entre os socios principais) que se modificará substancialmente coa concorrencia aos programas europeos e a incorporación de fondos comunitarios. O centro operativo estará en Valença do Minho.

Os alcaldes presentes na reunión (ausentáronse por motivos de última hora os rexedores de Tui, Salvaterra, Mondariz Balneario e O Porriño) manifestaron a súa satisfacción pola posta en marcha desta nova entidade e o interese en que se converta nun órgano práctico para dar unha visión global das actuacións a levar adiante no territorio. "Os fondos transfronteirizos da UE son os únicos que medraron nos últimos anos. Temos que aproveitar esta posibilidade para sacar adiante proxectos interesantes que precisan os nosos concellos", dixo a alcaldesa de Tomiño, Sandra González.

Os alcaldes do Camiño Portugués da Costa reúnen-se na Guarda

Este mércores día 11 de maio, ás 12 horas, reuníronse no Concello da Guarda os alcaldes e concelleiros de Turismo dos concellos pertencentes ó Camiño Portugués da Costa: A Guarda, O Rosal, Oia, Baiona, Nigrán, Vigo e Redondela.

A reunión convocouse tras a inclusión do Camiño Portugués da Costa entre as rutas xacobeas oficialmente incluída pola Xunta de Galicia na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia aprobada recentemente no Parlamento.

Ao longo destes últimos anos estívese traballando na divulgación e promoción do Camiño con diferentes iniciativas como a realización de andainas, peregrinacións por etapas, congresos, presenta-

cións en FITUR, elaboración de guías ou concursos fotográficos.

Coa aprobación desta Lei retómanse novamente os esforzos para incentivar ao recentemente recoñecido Camiño. Durante a reunión marcáronse unha serie de accións prioritarias: a sinalización, a importancia do trazado en Vigo e a necesidade de continuar coas accións conxuntas de promoción.

O primeiro paso é a solicitude conxunta por parte dos concellos participantes no Camiño dunha reunión coa Xerencia da SA Xacobeo. Nesta reunión, á que acudirán tódolos concellos, solicitarase o mesmo trato deste Camiño que o do resto de itinerarios: sinalización, información na web e demais accións de promoción.



Big Ride Eurocidade, proba do Open de España de Enduro , en Tui e Valença o 21 e 22 de maio



Por quinto ano consecutivo Tui, acolle unha proba do Open de España de Enduro e tras a edición do 2015 uniuse Valença para formar a Big Ride Eurocidade os próximos 21 e 22 de maio. Este ano contará coa presenza de Karim Amour lenda do enduro.

A localidade de galega de Tui co Monte Aloia e a portuguesa de Valença co Monte Faro únense para ser sede desta proba. O Monte Aloia en Tui está considerado un dos grandes paraísos para a práctica do mountain bike en Galicia e onde cada fin de semana desprázanse bikers para adestrar, do outro lado do río Miño atópase o Monte Faro, que se está conver-

tendo nunha sorpresa para os riders que se achegan a el.

Tras a dura edición do ano pasado, neste 2016 volverase ao formato tradicional no que o sábado será o día dos adestramentos oficiais e o domingo o día de competición. Competición que estará formada por 4 tramos cronometrados e na que se espera para esta edición que o tempo non sexa un factor tan determinante como en anos anteriores.

Para esta segunda proba do Open de España de Enduro liderada ata o momento polo portugués Emanuel Pombo do Liberty Seguros, seguido do Sub-23 Gabriel Torralba de Mondraker e do corredor de Intense Store Juan

Antonio Pascual Heredia, xa se confirmou a presenza dunha das grandes lendas do enduro internacional, o francés Karim Amour 4 veces Campión da Copa de Francia de Enduro, 3 veces Campión do Campionato Europeo de Enduro, 2 veces Gañador do Roc d'Azur, do equipo BH Gravity Team, acompañado de Ze Manel Borges e Dimitri Tordo.

O centro neurálxico deste Big Ride Eurocidade, o seu paddock, estará en pleno Monte Aloia, na zona coñecida como a Macoca, onde se poderán atopar todos os servizos desde servizos mecánicos, ata un "pulpeiro" que non podería faltar ao atoparnos en Galicia.

Voto de louvor à U.D. Moreira

A equipa de benjamins da U.D. Moreira (Sub 11) venceu, pela quarta vez consecutiva, o campeonato distrital, série A. O sábado, 14 de maio, após a partida com a equipa do Vila Franca, marcado para as 10h00, decorrerá a entrega de diplomas (votos de louvor) ao clube, equipa técnica, diretores e jogadores.

O voto de louvor, sob proposta do presidente da Câmara Muni-

pal de Monção, Augusto Domingues, foi aprovado, por unanimidade, na reunião ordinária do executivo municipal de 11 de abril. Na proposta, evidencia-se o papel relevante da U.D. Moreira na formação de jovens atletas.

Destaca-se ainda o percurso da equipa de benjamins que, de forma brilhante, conquistou o campeonato distrital da sua categoria. Também o facto de se tratar do quarto título consec-

tivo naquele escalão, pressupondo a continuação de um processo consolidado de aprendizagem e competência.

Refira-se que os jovens atletas da U.D. Moreira, dirigidos pelo treinador Fernando Duro Pedreira, sagraram-se campeões com 52 pontos, mais três que o Courense, segundo classificado, contabilizando, em 18 jogos, 17 vitórias e 1 empate. No total, marcaram 147 golos e sofreram 13.



MISCELANEA

Queremos Galego gaña o xuízo contra a sanción política da Delegación do Goberno pola manifestación do 17 de maio de 2013

Tras a negativa reiterada da Delegación do Goberno en Galiza e o Ministerio do Interior a retirada, a plataforma Queremos Galego gañou no xulgado o recurso contra a sanción imposta por supostos incidentes acontecidos na manifestación do 17 de maio de 2013, que nun ambiente alegre e reivindicativo percorreu as rúas da capital galega baixo o lema "non queremos ser estranxeiras na nosa patria".

O portavoz de Queremos Galego e presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, sinalou como "este ambiente festivo e reivindicativo foi destacado ao día seguinte por todos os medios de comunicación", como aconteceu sempre e como acontecerá tras a manifestación convocada para este 17 de maio baixo o lema "o idioma é a vida".

Para Queremos Galego, a denuncia dos supostos feitos por parte da policía e da Delegación do goberno, só se comprenden desde a utilización política das institucións a favor dos intereses do Partido Popular, naquel momento á fronte do Concello de Santiago, da Xunta e do Goberno do Estado.

Esta manipulación das institucións por parte do Partido Popular fora explicitada con anterioridade coa negativa municipal a permitir a colocación dun palco ou megafonía, o que foi recorrido no xulgado e gañado por Queremos Galego, ou coa modificación sen tempo do percorrido notificado á Delegación do Goberno, coa pretensión de obstaculizar a reivindicación a favor



da lingua galega. "A negativa de Queremos Galego a ceder ás presións do PP para que a manifestación non se celebre, foi o motivo real da multa", denunciaron.

Por desgraza non se trataba de feitos isolados: as mesmas manobras contra as manifestacións a favor do galego por parte do PP repetíronse sucesivamente desde 2010, a única diferenza é que no 2013 pretendieron engadir unha multa, alegando feitos que como ficou demostrado no xuízo, de realmente se teren producido, foron absolutamente

allos á organización, que puxo, como en todas as ocasións, un servizo de orde de voluntarias e voluntarios perfectamente identificados para o seu correcto desenvolvemento.

Segundo o portavoz de Queremos Galego "o PP, non contento con pór todos os medios para impedir que a manifestación a favor do galego transcorrese con normalidade, decidiron impor unha sanción utilizando a mentira e a policía ao seu servizo". "Dóelles o galego e dóelles que a sociedade se mobilice para defendelo con alegría e pacificamente" si-

nalou, para resaltar que "a manipulación e a difamación foi absolutamente groseira".

Maceira agarda que non se volten repetir feitos como estes "que o partido de goberno, o PP, manipule a policía e o ministerio do interior contra un dereito fundamental, o de manifestación, exercido para defender outro, o dereito a vivirmos en galego, di moito do seu nivel ético e democrático", e reiterou a exigencia ao Partido Popular de que "deixe de molestar as persoas e colectivos que queren exercer con normalidade a liberdade de expresión e

neste caso concreto, os que defenden a lingua galega".

Queremos Galego convoca para este 17 de maio outra manifestación co lema "o galego é a vida", tirado dun verso de Manuel María, activista da lingua, participante habitual das mobilizacións a favor do galego e autor homenaxeado este ano con motivo do Día das Letras Galegas.

"Este 17 de maio voltaremos ás rúas non só para reivindicar a nosa lingua senón tamén o dereito a facelo que nos quixo roubar o Ministerio do Interior, o mesmo que vulnera a legalidade con acusacións falsas, deturpando a toponimia, ou negando atención a cidadás e cidadás por falaren galego en trámites que ademais son de obrigado cumprimento".

A manifestación sairá ás 12h da Alameda de Santiago e ten prevista unha participación masiva. No acto final, que se desenvolverá na Praza da Quintana, contarán coas actuacións musicais de Mini e Mero e Fran Amil e A tribo incomprensíbel, xunto con lecturas de texto de Manuel María a intervención do Portavoz de Queremos Galego, Marcos Maceira.

O portavoz da plataforma defendeu a necesidade de saír un ano máis á rúa para "defendermos a lingua galega como elemento de unión e para garantir a convivencia en condicións de igualdade dentro do pobo galego e nas relacións con outros pobos, xustamente o que quixeron atacar o PP utilizando a policía, a Delegación do goberno e o Ministerio do Interior.

Castelo

MUEBLES

Tlf.: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

les desea
¡Felices Fiestas!

ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188

Castelo 2

MUEBLES

Tlf.: 986 642 925
Avda. Castelao, nº 26. PONTEAREAS

www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com



O idioma é a vida. Manifesto do 17 de maio

Neste 2016 fanse cen anos da creación das Irmandades da Fala, cen anos de reivindicación da normalización para a lingua galega, de desenvolvemento de todas as capacidades do pobo galego co noso idioma como mellor mostra do que somos e do que queremos ser.

Todos os avances para a lingua galega, por mínimos que fosen, foron conquistas sociais e democráticas como demostraron a Irmandades da Fala ou hai 50 anos o profesor Carvalho Calero incorporando o galego, en condicións moi precarias, ao ensino universitario.

Nos últimos anos o goberno do Partido Popular na Xunta, que ten a obriga legal de promover e defender a lingua galega, foi o principal promotor do retroceso do noso idioma. As consecuencias son perfectamente observábeis nos datos estatísticos, na reducida ou nula presenza do galego na xustiza, administración e servizos públicos; na desaparición das aulas de Educación infantil como antesala do proceso de ex-

tranxeirización da lingua galega no seu propio país, xunto co veto ao seu uso nas aulas en materias da área científico-técnica, ou no obxectivo de redución a 1/3 a súa presenza no ensino que establece o decretazo contra o galego 79/2010; na exclusión do galego de grande parte dos sectores económicos e na discriminación consentida a galego-falantes en servizos de atención á clientela por parte de empresas que ade-

mais de prestaren servizos en Galiza, extraen grande parte dos seus recursos.

Esta situación foi denunciada publicamente mesmo ante a comunidade internacional, e foi motivo dun apercibimento grave, por parte do Comité de expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas, ao goberno da Xunta e estatal.

A aprobación da Lei de normalización lingüística en 1983, su-

cedérona outros avances, mesmo acordos aparentemente asumidos por todas as forzas políticas (paralizados ou vulnerados polos gobernos do Partido Popular), como o Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004 ou recentemente a Declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega que, en xullo do 2015, impulsou a Mesa pola Normalización Lingüística.

Malia os incumprimentos reiterados, todos estes pasos foron o resultado da acción da sociedade galega, case sempre en solitario, a favor da súa lingua.

Porén, sentenzas como a recente do TSXG contra a ordenanza de uso do galego en Lugo, someten a escasa lexislación favorábel ao galego a unha interpretación abertamente contraria a todos os acordos conseguidos pola mobilización da sociedade en democracia. Utilizan as poucas ferramentas que temos, para negaren a existencia do idioma ga-

lego por si mesmo como lingua propia e plenamente oficial en Galiza, sen subordinacións, sen límites, en condicións de mínima igualdade.

Fronte as 500 disposicións disposicións legais que amparan e mesmo obrigan ao uso do español, as poucas que permiten a utilización do galego son utilizadas por sentenzas como a do TSXG para atacar calquera tentativa normalizadora. Por isto, ademais de políticas activas que sitúen o galego en todos os espazos da vida cotiá onde está excluída, precisamos mudanzas lexislativas que garantan o dereito a vivir en galego e eviten a utilización do poder xudicial para negarnos o dereito e a liberdade de vivirmos sempre en galego.

O idioma é a vida, di o verso de Manuel María, poeta e activista da lingua. E a vida dános a forza, o amor e a vontade de unidade que amosamos na manifestación do 17 de maio, pois como di Manuel María: "O idioma é a patria/a esencia máis nosa,/ a creación común/ máis grande e poderosa."



Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
RUA PRINCIPAL DO BOUTO, 16
TLF: 986640834
Ponteareas (Pontevedra)

As afinidades entre a cultura irlandesa e a galaico-portuguesa desde a época celta, obxecto de debate na Casa de Galicia

Os embaixadores de Irlanda e Portugal e o músico Carlos Núñez entre os novos "amigos" do colectivo

O colectivo Amigos da Cultura Celta, da Asoc. Cultural da Enxebre Orde da Vieira, difundiu o pouso común que a cultura celta deixou nas culturas irlandesa e galaico-portuguesa mediante a organización da mesa redonda "Afinidades entre a cultura irlandesa e a galaico-portuguesa desde a época celta", que tivo lugar na Casa de Galicia, en Madrid, dentro da celebración do VIII Encontro de Amigos da Cultura Celta. Á exposición seguiu a cerimonia de entrega de atributos a novos membros do colectivo e unha mostra de música celta, con instrumentos atribuídos a esa época, a cargo do grupo Lume de Biqueira.

Antonio Raúl del Toro Santos, director do Instituto de Estudos Irlandeses Americanos, que disertou sobre as confluencias literarias; Ramón Sainero Sánchez, profesor emérito de Literatura Celta e Irlandesa da UNED, cuxa intervención tratou do ADN irlandés e galico-portugués; Ladislao Castro Pérez, profesor titular de Xeografía e Historia da Universidade de Vigo, especialista en Prehistoria da Península Ibérica, que falou sobre a identidade dos pobos de cultura celta; Pedro Moya Maleno, doutor en Historia e arqueólogo no Departamento de Prehistoria da Universidade Complutense de Madrid, que interveu sobre a relixión e exerceu



de coordinador o director da Casa de Galicia en Madrid, José Ramón Ónega López.

Entre o público estaban os embaixadores de Irlanda e de Portugal en España, David Cooney e Francisco Ribeiro, respectivamente, o embaixador Amador Martínez Morcillo, o músico Carlos Núñez e directivos das asociacións galegas en Madrid.

Unha breve intervención de Carlos Núñez, na que afirmou que "o celta funciona e non é pasado senón futuro", e a actuación do músico Abraham Cupeiro cun instrumento que, explicou, recupera a tradición celta, separou a mesa de debate da cerimonia de recepción de novos membros por parte do colectivo Amigos da Cultura Celta, que foron recibidos polos seu Consello, ataviados coa indumentaria que lles identifica e acompañados pola música de Lume de Biqueira.

O coordinador José Cerdeira, lembrou

brevemente a historia deste colectivo, que celebrou o seu primeiro encontro no ano 2011, e o presidente da Asociación Cultural da Vieira, Enrique Santín, precisou que o colectivo Amigos da Cultura Celta, que integra a reputados especialistas en cultura celta de España, Portugal, Brasil, Francia e Alemaña, é o "irmán menor" da Enxebre Orde da Vieira -que este ano cumpre o seu 46 aniversario-, cuxo soporte xurídico é a Asociación Cultural da Vieira.

Os membros que se integron no colectivo neste día foron: os embaixadores de Irlanda e Portugal, os intervenientes na mesa de debate Antonio Raúl de Toro Santos, Ladislao Castro Pérez e Pedro R. Moya Maleno, os músicos Carlos Núñez Muñoz, Abraham Cupeiro e Darío Nogueira González, o doutor en Xeografía e Historia pola Universidade de Vigo Xoán Bernárdez Villar e a avogada e escritora Sara Cantó Pastor.

